

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 20 de novembro de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados**

D. Javier Pardo Espiñeira  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte de novembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1280).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á “ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA RUTA MARÍTIMA DEL APÓSTOL SANTIAGO A GALICIA” POLOS GASTOS DE REALIZACIÓN NA CIDADE DE VIGO DA V EDICIÓN DA RUTA MARÍTIMA “O CABALEIRO DAS CUNCHAS”. EXPTE. 13091/101.**

Visto o informe xurídico do 5.08.15, e o informe de fiscalización do 9.11.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 20.07.15, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*En relación á solicitude de subvención formulada pola ASOCIACION AMIGOS DE LA RUTA MARITIMA DEL APOSTOL SANTIAGO A GALICIA (G-27742485), para os gastos da celebración na cidade de Vigo da V edición da ruta marítima "O Cabaleiro das Cunchas", o funcionario que asina, ten a ben informar o seguinte:*

*A Administración conta entre as súas competencias con todas aquelas actividades de carácter lúdico ou cultural que afecten a numerosos grupos de cidadáns, como é o caso presente . Pola contra, non sempre é posible acadar estes fins de xeito directo, aínda máis tendo en conta o variado tecido social da cidade.*

*Deste xeito esta entidade presenta unha solicitude de subvención, que pode ser tramitada con cargo á seguinte partida 912.0.489.00.04 "Outras Subvencións" do orzamento actual, ou á súa bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento dos servizos.*

*Trátase dunha subvención para un acto único desenvolvido durante este ano, considerado de importancia pola súa transcendencia cultural, lúdica e administrativa recollida de xeito xenérico no art. 25.2.h) da Lei 27/2013, como promoción de actividades turísticas de interese e ámbito local.*

*A ASOCIACION AMIGOS DE LA RUTA MARITIMA DEL APOSTOL SANTIAGO A GALICIA ten como fins principais recollidos nos seus estatutos: "a recuperación, promoción, defensa e difusión da Traslatio, isto é a Ruta Marítima Xacobeana pola que trouxeron o corpo decapitado do Apосто Santiago a Galicia", e "axudar no desenrolo de toda a tradición xacobeana no ámbito marítimo dende Jaffa a Santiago de Compostela".*

*Para conseguir estes fins realízanse todas as actividades que se consideran oportunas, sendo a máis importante a Ruta "O Cabaleiro das Cunchas" que se ven organizando dende 2010.*

*Esta ruta Marítima Xacobeana ten como obxectivo principal abrir e reproducir a Ruta seguida polo Corpo do Aposto Santiago a Galicia, sendo un elemento turístico nacido das lendas e tradicións galegas, e comezo da cultura xacobeana.*

*O ámbito territorial de influencia inclúe a costa centro e norte de Portugal e as Rías Baixas de Galicia, é un argumento máis dentro da reivindicación do camiño Xacobeano da Costa e de Portugal, poñendo en valor un elemento de cultura europea insuficientemente coñecido e pouco considerado.*

*Xustifícase a petición por tratarse da única asociación Xacobeana existente no termo municipal cunha tradición que se remonta no tempo e que foi recuperada dende fai seis anos, como defensa dun patrimonio atemporal.*

*Doutro xeito, esta asociación trata de concienciar áos habitantes do termo municipal da realidade histórica, unida á lenda do Cabaleiro das Cunchas, anteriormente recoñecida de interese turístico e cultural da Xunta de Galicia, como entidade promotora do Camiño de Santiago, segundo se acredita na documentación do expediente.*

*Por todo isto, a Alcaldía do Concello de Vigo, considera de interese a recuperación deste fragmento da historia e a lenda da cidade, dentro dos parámetros dos Camiños Xacobeos.*

*A entidade ASOCIACION AMIGOS DE LA RUTA MARITIMA DEL APOSTOL SANTIAGO A GALICIA aporta a documentación seguinte, necesaria e imprescindible para obter subvención da Administración Local:*

- *Memoria das actividades a realizar.*
- *Orzamento de gasto e de ingresos.*

- *Certificación de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública e Seguridade Social e Facenda da Xunta.*
- *Escrito certificando non contar/contar con outro tipo de axuda.*
- *Copia dos estatutos da asociación.*
- *Copia do DNI do presidente da asociación.*
- *Copia da acta do nomeamento do presidente da asociación.*
- *CIF da asociación.*
- *Certificación bancaria.*
- *Declaración xurada responsable.*

*Por tratarse dunha subvención destas características podería ser concedida ó abeiro do art. 22.2.c, da vixente Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo seu interese turístico, lúdico e social.*

*Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

1. *“Conceder a ASOCIACION AMIGOS DE LA RUTA MARITIMA DEL APOSTOL SANTIAGO A GALICIA (G-27742485) , unha subvención por importe de 13.920 € en concepto de axuda para os gastos ocasionados pola celebración da Ruta Marítima “O Cabaleiro das Cunchas”, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.04 “Outras Subvencións” , do orzamento actual, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo.*
2. *Autorizar e dispoñer o gasto a favor da ASOCIACION AMIGOS DE LA RUTA MARITIMA DEL APOSTOL SANTIAGO A GALICIA (G-27742485) dunha subvención por importe de 13.920 € en concepto de axuda para os gastos ocasionados pola celebración da Ruta Marítima “O Cabaleiro das Cunchas”, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.04 “Outras Subvencións” , do orzamento actual, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo.”*

*Todo isto con arranxo ás seguintes*

#### **ESTIPULACIÓNS:**

1. *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
2. *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.  
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*
3. *A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.*
4. *A beneficiaria, antes do día 20 de novembro de 2015, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais ( que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de*

*facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de .....euros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio. A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Se o beneficiario solicitara devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia mediante os oportunos certificados acreditativos.*

- 5. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia mediante os oportunos certificados acreditativos.*
- 6. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*
- 7. De conformidade co establecido nos artigos 11c,30 da LSG as facultades de comprobación do proceso de xustificación e, de seguimento e comprobación das actividades subvencionadas propostas , solicitadas por ASOCIACION AMIGOS DE LA RUTA MARITIMA DEL APOSTOL SANTIAGO A GALICIA (G-27742485), serán competencia do servizo de relacións públicas e protocolo da Alcaldía.*
- 8. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*
- 9. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*
- 10. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución*

do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e de máis actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Os ditos datos serán tratados e protexidos dacordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

11. O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

12.

No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen nese convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **2(1281).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROCURADOR PARA A REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO A TRAVÉS DUN ACORDO MARCO. EXPTE. 9408/111.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.11.15 e o informe de fiscalización de data 17.11.15, dáse conta do informe-proposta do adxunto ao xefe do Servizo Contencioso, de data 17.11.15, conformado polo xefe do Servizo, pola titular da Asesoría Xurídica, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*A resolución do 24 de setembro do 2015 asinada polo Concelleiro delegado de Xestión Municipal iniciou o expediente para a "tramitación do Contrato de Servizos de Procurador nos Tribunais do Concello de Vigo".*

*No expediente que se tramitou ata o de agora figuran incorporados os seguintes documentos:*

- *Informe de necesidade e idoneidade do contrato e proposta de orde de inicio do expediente asinada polo Xefe do Servizo Contencioso e a Titular da Asesoría Xurídica o 24 de setembro do 2015, e resolución de inicio do expediente asinado polo Concelleiro delegado de Xestión Municipal o 24 de setembro do 2015.*
- *Memoria Xustificativa do contrato asinada o 24 de setembro do 2015 polo Adxunto ao Xefe do Servizo Contencioso e o Xefe do Servizo Contencioso, e conformado pola Titular da Asesoría Xurídica.*

- *Prego de prescricións técnicas do 24 de setembro do 2015 asinado polo Adxunto ao Xefe do Servizo Contencioso e o Xefe do Servizo Contencioso, que se modificou o 4 de novembro do 2015, xustificadamente e incorporado xa o novo prego.*
- *Dilixencia da Xefa do Servizo de Contratación do 13 de outubro do 2015 por medio da cal se informa de que figuran incorporados os documentos esixidos para a súa tramitación.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares do Acordo marco para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais do 27 de outubro do 2015, redactado e asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.*
- *Informe da Asesoría Xurídica do 4 de novembro do 2015, asinado pola Letrada-Xefa do Servizo de Recursos e Asesoramento e pola Letrada-Titular da Asesoría Xurídica Municipal.*

*Os elementos básicos do contrato, tal e como figuran recollidos e desenvolvidos nos documentos que forman parte deste expediente son os seguintes:*

*O seu obxecto o constitúe a aprobación dun acordo marco do que deriven contratos de servizos para a contratación dos servizos propios da profesión de Procurador/a dos Tribunais, nos termos nos que se regula esta actividade profesional. Fíxanse tres lotes, para o ámbito territorial propio das instancias xurisdiccionais fronte ás que se demanda ao Concello de Vigo.*

*Con un prazo de 4 anos este Acordo marco, sen prexuízo de que os contratos de servizos derivados excedan da duración deste, supeditado á duración do proceso xudicial.*

*O valor máximo estimado é de 283.702,56 €, con imputación á partida 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais").*

*Polo demais, resulta competente para resolver este expediente nesta fase de aprobación do mesmo a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo como órgano de contratación desta Administración Pública, segundo dispón a Disposición Adicional segunda (punto 3º) do R.D.L 3/2011. Canto á motivación da resolución que aproba o expediente, a constancia da documentación acreditativa da necesidade e axuste a dereito da contratación abonda para cumprilo (STS 14/9/2012 e SSTC 146/1990, sobre motivación por remisión).*

*De xeito que atendendo ao anteriormente exposto, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local, o seguinte Acordo:*

- I. A aprobación do expediente de contratación numerado como 9408/111, de contratación dos servizos de procurador dos tribunais por medio dun Acordo Marco, coas características definidas nos pregos.*
- II. A aprobación do Prego de prescricións técnicas do 4 de novembro do 2015 redactado pola Asesoría Xurídica e o Prego de cláusulas administrativas particulares do 17 de novembro do 2015 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen neste expediente, para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais por medio dun Acordo Marco.*
- III. A aprobación do gasto por importe de 283.702,56 € (70.925,64 € para a anualidade de 2016, 70.925,64 € para a anualidade de 2017, 70.925,64 € para a*

*anualidade de 2018,e 70.925,64 € para a anualidade de 2019 para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais por medio dun Acordo Marco, con cargo á partida orzamentaria 9200 2260400 (“Gastos xudiciais e notariais”).*

*IV. A apertura do procedemento de contratación segundo os trámites recollidos na normativa actualmente en vigor.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1282).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS RESÍDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCCIÓN E DERRUBAS XERADAS POLO TALLER DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 73432/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do xefe da oficina Administrativa de Contratación, do 16.11.15, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación celebrada o 10 de novembro de 2015 acordou:*

#### *7.- Proposta de Clasificación.*

*a) Procedemento aberto para a contratación da xestión dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo taller do servizo de Vías e Obras. (expediente 73432-250).*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro: Dar conta a Xunta de Goberno da exclusión acordada pola Mesa de contratación en sesión da Mesa de 03-11-2015 de TALLERES VILA RODRIGUEZ SL por non declarar a solvencia técnica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da xestión dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo taller do servizo de Vías e Obras. (expediente 73432-250)” no seguinte orde decrecente:*

<i>González Couceiro S.L.U</i>	<i>100,00 puntos</i>
<i>Restauración del Hábitat y Medio ambiente Caamaño S.L.</i>	<i>82,13 puntos</i>
<i>Toca Salgado S.L.</i>	<i>58,57 puntos</i>

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, González Couceiro S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 651,08 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **4(1283).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARTA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS Y DEPENDENCIAS DO CONCELLO. EXPTE. 15696/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do xefe da oficina Administrativa de Contratación, do 17.11.15, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o día 17 de novembro de 2015:

#### **6.- Proposta de Clasificación.**

- a) *Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444).*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro:- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444)” no seguinte orde decrecente:*

	<i>Puntuación Máxima</i>	<i>Baixa única</i>	<i>Puntos totais</i>
<i>FACTOR ENERGÍA , S.A.</i>	<i>100,00 puntos</i>	<i>12,50%</i>	<i>100</i>
<i>GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.</i>	<i>100,00 puntos</i>	<i>8,80%</i>	<i>88,58</i>
<i>IBERDOLA CLIENTES, S.A.U.</i>	<i>100,00 puntos</i>	<i>7,46%</i>	<i>84,44</i>



ENDESA ENERGIA, S.A.U.	100,00 puntos	1,79%	23,79
------------------------	---------------	-------	-------

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FACTOR ENERGÍA , S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.469,42 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **5(1284).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2016. EXPTE. 6190/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do xefe da oficina Administrativa de Contratación, do 17.11.15, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación de 17 de novembro de 2015, acordou:*

- a) *Procedemento negociado con publicidade para a contratación e produción das carrozas para a cabalgata de reis 2016. (expediente 6190-335).*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro:- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento negociado con publicidade para a contratación e produción das carrozas para a cabalgata de reis 2016. (expediente 6190-335).” no seguinte orde decrecente:*

- 1.- La Fiesta Escénica, S.L. 97 puntos.*
- 2.- C.A. TOTALITY GROUP S.L.U. 76,27 puntos.*

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CA TOTALITY GROUP S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **6(1285).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A.” CO OBXECTO DE COLABORAR CO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DA “XXIII FESTA DO JUDO INFANTIL 2015”. EXPTE. 14491/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.10.15, e o informe de fiscalización do 12.11.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.10.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio ó expediente de subvención a favor da Federación Galega de Judo polo desenvolvemento do proxecto “Festa do Judo Infantil 2015”.*

*A Federación Galega de judo e deportes Asociados, de agora en diante F.G.Judo e D.A., é unha Entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con patrimonio propio e independente dos seus asociados, que se rexe pola Lei 3/2012, do 2 de abril, Xeral do Deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, polos seus propios estatutos e regulamentos debidamente aprobados e polas demais disposicións legais ou federativas que resulten aplicables con total garantía dos principios democráticos e representativos.*

*A F.G.Judo e D.A., é unha entidade de utilidade pública. Esta declaración comportará os efectos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Asemade posúe personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, ademais das atribucións de seu exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo como axente colaborador da mesma.*

*Entre as actuacións enmarcadas nos fins fundamentais da entidade, atopamos que a Federación colaborará coas Administracións Públicas e coa Federación Española na promoción do Judo e do Judo e dos Deportes Asociados, e deseñar cantas actividades contribúan ao desenvolvemento e mellora do Judo e dos Deportes Asociados.*

*No ano 2015, a Federación organiza a XXIII edición da Festa do Judo Infantil, un evento que co paso dos anos converteuse nunha cita clásica no Judo de formación no ámbito da Provincia de Pontevedra, que reúne na cidade de Vigo a máis de 1.500 Judokas de entre 4 e 14 anos, e que lle outorga un valor moi importante para a promoción tanto do Judo como da cidade, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito do Judo e que ten ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.*

*O programa de actividades previsto, inclúe a realización dunha competición multitudinaria e participativa, unha competición técnica de Judo aplicado á Defensa Persoal na que interveñen nenos e nenas de clubs e colexios de toda a provincia onde se practica judo asemade das Escolas Municipais de Vigo.*

*Durante a mesma os e as judokas participan sen necesidade de facer grupos por idades ou categoría de peso xa que o sistema pedagóxico empregado permite facer a un neno pequeno con outro máis maior ou a nenos con nenas, nunha competición contra se mesmo na que ninguén perde e todos levan o seu premio. Cada neno por participar obtén os seus agasallos e o diploma coa puntuación obtida que posteriormente no seu club ou colexio sérvelle para o pase de grao.*

*Durante a súa celebración, o evento se converte no foco de atención da modalidade, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme valor deportivo e formativo, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.*

*O Concello de Vigo atopa criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción, fomento e dinamización do judo na cidade de Vigo.*

*Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos da envergadura e historia como o proposto pola Federación Galega de Judo, considerando ademáis que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida na cidade, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola dita entidade, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 10.000,00€ ao obxecto de colaborar coa financiación dos gastos que supón a organización do evento de referencia.*

*As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Federación Galega de Judo é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características particulares. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concurren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención á Federación Galega de Judo co obxectivo de colaborar na financiación dos gastos ocasionados pola dinamización do proxecto.*

*Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.*
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.*
- Promocionar o deporte de formación na cidade de Vigo.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.*

*A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos*

*seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.*

*Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar na financiación dos gastos xerados polo desenvolvemento do seu proxecto deportivo.*

*A Federación Galega de Judo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14491/333.*

*En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto da Federación Galega de Judo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.*

*A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Federación Galega de Judo é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como ó do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.*

*O obxecto da presente proposta de subvención é colaborar fundamentalmente na financiación dos gastos vinculados ó desenvolvemento do programa de actividades vinculadas coa XXIII Festa do Judo Infantil 2015, debido o interese que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos coa traxectoria histórica como o de referencia.*

*Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.*

*A Federación Galega de Judo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades a realizar e o destino da subvención.*

*A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Federación Galega de Judo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.*

*A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:*

- *Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:*
- *Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.*
- *Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
- *En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

*Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Federación Galega de Judo, co CIF: G-15109267 para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxugar o proxecto de actividades vinculadas coa XXIII Festa do Judo Infantil 2015.*

*SEGUNDA: Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 10.000,00 € a favor da Federación Galega de Judo, co CIF: G-15109267, con enderezo social na Praza Agustín Díaz, 3, en A Coruña, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento do proxecto de actividades vinculadas coa XXIII Festa do Judo Infantil 2015.*

*TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. CO OBXECTO DE COLABORAR CO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DA XXIII FESTA DO JUDO INFANTIL 2015 (EXPTE. 14491/333).*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_\_ de dous mil quince.*

### *REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra, don Mario Muzas Cobo como presidente da Federación Galega de Judo e D.A. (En adiante Fed. de Judo) CIF nº G-15109267 e enderezo social na Praza Agustín Díaz, 3, en A Coruña e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14491333.*

*Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,*

### *MANIFESTAN*

*I.- Que a Federación Galega de judo e deportes Asociados, é unha Entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con patrimonio propio e independente dos seus asociados, que se rexe pola Lei 3/2012, do 2 de abril, Xeral do Deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, polos seus propios estatutos e regulamentos debidamente aprobados e polas demais disposicións legais ou federativas que resulten aplicables con total garantía dos principios democráticos e representativos.*

*A F.G.Judo e D.A., é unha entidade de utilidade pública. Esta declaración comportará os efectos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Asemade posúe personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, ademais das atribucións de seu exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo como axente colaborador da mesma.*

*Entre as actuacións enmarcadas nos fins fundamentais da entidade, atopamos que a Federación colaborará coas Administracións Públicas e coa Federación Española na promoción*

do Judo e do Judo e dos Deportes Asociados, e deseñar cantas actividades contribúan ao desenvolvemento e mellora do Judo e dos Deportes Asociados.

II.- Que no ano 2015, a Federación organiza a XXIII edición da Festa do Judo Infantil, un evento que co paso dos anos converteuse nunha cita clásica no Judo de formación no ámbito da Provincia de Pontevedra, que reúne na cidade de Vigo a máis de 1.500 Judokas de entre 4 e 14 anos, e que lle outorga un valor moi importante para a promoción tanto do Judo como da cidade, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito do Judo e que ten ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O programa de actividades previsto, inclúe a realización dunha competición multitudinaria e participativa, unha competición técnica de Judo aplicado á Defensa Persoal na que interveñen nenos e nenas de clubs e colexios de toda a provincia onde se practica judo asemade das Escolas Municipais de Vigo.

Durante a mesma os e as judokas participan sen necesidade de facer grupos por idades ou categoría de peso xa que o sistema pedagóxico empregado permite facer a un neno pequeno con outro máis maior ou a nenos con nenas, nunha competición contra se mesmo na que ningún perde e todos levan o seu premio. Cada neno por participar obtén os seus agasallos e o diploma coa puntuación obtida que posteriormente no seu club ou colexio sérvelle para o pase de grao.

Durante a súa celebración, o evento se converte no foco de atención da modalidade, atraendo a atención dun gran número de siareiros e supoñendo un espectáculo deportivo de enorme valor deportivo e formativo, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de formación.
- Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, conte cun proxecto deportivo no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva no entorno asociativo da cidade.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervinetes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do programa de actividades vinculado coa celebración da XXIII Festa do Judo Infantil 2015, o cal xustifica que para o desenvolvemento deste expediente, non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia pola especificidade e exclusividade do obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa.

VI.- Que a Federación Galega de Judo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Federación Galega de Judo, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da subvención en base aos seguintes.

## PACTOS

Primeiro.- A Federación Galega de Judo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Desenvolver a actuación obxecto principal da subvención, desenvolver a Festa do Judo Infantil que se vai celebrar na cidade de Vigo o 13 de decembro de 2015.

2º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder á Federación Galega de Judo unha subvención polo importe de 10.000,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "XXIII Festa do Judo Infantil 2015". Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

2º.- Colaborar co , na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

3º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da Federación Galega de Judo (revista, web, etc).

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.



Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e como máximo o 15 de decembro de 2015. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de ..... euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e o 15 de decembro de 2015 .

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2015.*

### **7(1286).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “III CARREIRA SOLIDARIA POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE” O 22/11/15. EXPTE. 14375/333.**

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.11.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES:**

*A entidade Avempo (Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra), con CIF (G36816106), solicitou o día 26-08-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150108971) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- Nome do evento: III CARREIRA SOLIDARIA POLA ESCLEROSIS MULTIPLE*
- Data: 22 de novembro de 2015*
- Horario:11.00h a 13.00h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 22 de novembro de 2015,este evento ten previsto comenazar ás 11.00h con saída dende a Alameda Suárez Llanos e percorrerá polas rúas Pescadores, Avda. E.Cabello, Beiramar, Jacinto Benavente, Coruña, Tomás Alonso, rematando na mesma Alameda onde se atopará a meta, ás 13.00h.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- Policía Local.*
- Seguridade.*
- Protección civil*

#### **2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva*

*integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

*Autorizar a Avempo con CIF (G-36816106), a organizar o vindeiro domingo 22 de novembro de 2015, o evento deportivo denominado III CARREIRA SOLIDARIA POLA ESCLEROSIS MULTIPLE. A carreira comenará ás 11.00h e rematará ás 13.00h, tendo a súa saída dende a Alameda de Suárez Llanos e percorrendo polas rúas, Pescadores, Avda. E.Cabello, Beiramar, Jacinto Benavente, Coruña, Tomás Alonso, para rematar na mesma Alameda.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1287).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “VI DUATROL CROSS-MÁMOA DE CANDEÁN” O VINDEIRO 22/11/15. EXPTE. 14344/333.**

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.11.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### 1.- ANTECEDENTES:

*A entidade Club Triatlón Mar de Vigo con CIF (G27730597), solicitou o día 14-09-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150115890) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: VI DUATLON CROSS-MAMOA DE CANDEÁN*
- *Data: 22 de novembro de 2015*
- *Horario: 10.30h a 14.00h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 22 de novembro de 2015,este evento comenará ás 10.30h e rematará ás 14.00h, a carreira se levará a cabo no Monte Vixador na parroquia de Candeán*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*
- *Comunidade de Montes de Candeán*

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Triatlon Mar de Vigo con CIF (G27730597), a organizar o vindeiro domingo 22 de novembro de 2015, o evento deportivo denominado VI DUATLON CROSS-MÁMOA DE CANDEÁN. A carreira terá lugar no Monte do Vixiador en Candean, comenzando ás 10.30h e rematando ás 14.00h.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **9(1288).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA “VIGO EMPREGA 2016”. EXPTE. 12225/77.**

Visto o informe xurídico do 18.11.15, dáse cona do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 13.11.15, conformado polo concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

*A concellaría de Emprego, ven promovendo o emprego no municipio, a través de distintos programas de inserción e busca de emprego. Prestando especial atención aos colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente. Tratando de incidir directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención implementados por esta concellaría, entre os que destacamos: as accións de mellora da empregabilidade; mellora a calidade do emprego; promoción dunha maior seguridade no traballo e redución da siniestralidade; fomento do emprendemento, a economía social e a mellora das relacións laborais.*

*Neste contexto, o Concello de Vigo, continuará no marco do Plan Municipal de Emprego co Programa VIGO EMPREGA, enmarcado nos orzamentos municipais, que permitirá a adquisición de experiencia profesional e formación, de numerosas persoas desempregadas que precisan nestes momentos, unha axuda para reintegrarse ao mercado laboral, no ámbito da construción e máis concretamente, en actuacións que teñen que ver coa realización de obra pública.*

*Esta concellaría continuará coa mellora dos aspectos deficitarios detectados en anos anteriores, á vez que racionalizar os seus procedementos e mecanismos de acceso. Este programa está baseado na realización de obras e servizos de interese municipal a través da contratación de persoas desempregadas de Vigo con maior necesidade social. As persoas candidatas prioritariamente pertencen á colectivos con maiores dificultades de inserción sociolaboral.*

*Para esta nova convocatoria mantense o procedemento de selección da anterior convocatoria, e*

as persoas candidatas a ser seleccionadas foron remitidas previa solicitude do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego ás oficinas de Servicio Público de Galicia en Vigo, unha vez realizado un sondeo conforme aos criterios establecidos nos impresos de demanda de emprego enviados.

A convocatoria e bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de outubro de 2015, teñen informe xurídico favorable de data 06/10/2014 e foi fiscalizado favorablemente pola Intervención Municipal o 13/10/2015, e na súa base 11ª, se establece "Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados pola Xunta de Goberno Local a proposta do Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, e a súa composición reunirá os criterios de imparcialidade, capacidade e cualificación técnica necesarias para o exercicio das súas funcións, cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público"

Se abonarán asistencias aos membros da Comisión de selección de personal do programa "Vigo emprega", na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal.

Coa finalidade de clarear a metodoloxía que deberá utilizar a comisión de selección na de candidatos beneficiarios do programa Vigo Emprega 2015, a comisión de selección na fase da entrevista deberá ter en conta as aptitudes, elementos a valorar principalmente os seguintes:

- O interese amosado polo posto de traballo.
- A actitude e o método utilizado na búsqueda activa de emprego.
- A argumentación dada relativa á importancia da prevención de riscos laborais.
- O comportamento que tería como responsable dun grupo de persoas traballadoras.
- A capacidade relativa ao posto a desenvolver.
- As súas expectativas laborais relativas ao posto de traballo.
- A súa predisposición e competencia de cara á formación das persoas ao seu cargo.

Na fase da proba práctica realízanse diferentes exercicios valorados pola comisión de selección e en colaboración de técnicos municipais que facilitan a realización, supervisión e valoración das mencionadas probas, relacionadas todas elas coas funcións e tarefas da profesión relacionada co posto ofertado, e anéxanse copias dos exercicios realizados para os postos de Auxiliar administrativo, Delineante, Auxiliar Topógrafo, Capataces e Oficiais de oficios.

Cara a axilizar o proceso selectivo, se estima que coa constitución de 5 comisións de selección se poderá proceder nun prazo de 5 días a realizar as entrevistas e probas previstas nas bases, o que permitirá rematar o proceso de contratación con tempo suficiente para que inicien o seu contrato o 04/01/2016, e se procurou que os/as funcionarios e funcionarias, así como o persoal laboral fixo, se adecue o máximo posible ao establecido no RDL 5/2015 do Estatuto Básico do Empregado Público, no senso de axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a necesidade de realizar a selección de persoas candidatas na convocatoria de contratación de peóns, oficiais e capataces beneficiarios/as, do programa "Vigo emprega" 1º quenda 2016, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar as seguintes Comisións de Selección de beneficiarios/as do programa "Vigo emprega" 1º quenda 2016:

a) Comisión 1: Selección de Peóns de construción.

- *Presidente:* Juan Zaragoza Bastos
- *Suplente:* Alfonso Berros Pérez
- *Secretario/a:* Pablo Olmos Pita
- *Suplente:* Susana García Álvarez
- *Vogais:* Alfonso Alonso Rodríguez
  - Francisco Javier Bea Puentes
  - Purificación Bernardez Martínez
- *Suplentes:* Roberto Mariño Sanromán
  - Jose Antonio González Seijo

b) Comisión 2: Selección de Oficiais xardineiros/forestais, Peóns xardineria-forestal, Oficial desinfectador e Oficial canteiro.

- *Presidente:* Alfonso Conde Rodríguez
- *Suplente:* Ramón Vázquez Martínez
- *Secretario/a:* Gustavo Rodríguez Bartol
- *Suplente: A* Ibino Rodríguez Ferreira
- *Vogais:* Francisco José García Soto
  - Ricardo Soler Vidal
  - Ramón Seijas Alvarez
- *Suplentes:* Hector Conde Lorenzo
  - Primitivo Calles Santos

c) Comisión 3: Selección de Auxiliares administrativos, Delineante, Auxiliar topógrafo.

- *Presidente:* Francisco J. Gutiérrez Orúe
- *Suplente:* Marta Alonso Posada
- *Secretario/a:* Lucio Varela Borreguero
- *Suplente:* M<sup>a</sup> Carmen Pazos Area
- *Vogais:* Jose Carlos Vázquez Miguez
  - Aurea Soto Lago
  - Purificación Bernardez Martínez
- *Suplentes:* Estibaliz García Guntiñas
  - Guillermo Abelleira Porrúa

d) Comisión 4: Selección de Capataces de construción, Oficiais albanel, Oficial carpinteiro aluminio, Oficial carpinteiro metálico, Oficial carpinteiro de madeira, Oficial fontaneiro, Oficial electricista, Oficial pintor.

- *Presidente:* Francisco J. Gutiérrez Orúe
- *Suplente:* Marta Alonso Posada
- *Secretario/a:* Lucía Trillo Martín-Pinillos
- *Suplente:* M<sup>a</sup> Carmen Pazos Area
- *Vogais:* Francisco José García Soto
  - Xose Antonio Comesaña Davila
  - Ramón Vazquez Martínez
- *Suplentes:* Hector Conde Lorenzo
  - M. Enrique Marquez Losada

e) Comisión 5: Selección de Oficiais condutores, Oficial palista, Oficiais mecánicos automoción.

- *Presidente:* Alfonso Berros Pérez
- *Suplente:* Juan Zaragoza Bastos
- *Secretario/a:* Secundino Otero Failde
- *Suplente:* Ramón Hermida-Cachalvite
- *Vogais:* Javier Fernández Riveiro
  - Guillermo Lorenzo Carrera
  - Lucía Trillo Martín-Pinillos
- *Suplentes:* Alberto Martíns Fernández
  - Adolfo Rodríguez López

2. Os membros da Comisión de selección de personal do programa “Vigo Emprega”, percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de personal, na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal.

3. As Comisións de selección nomeadas no presente acordo, para a selección de beneficiarios/as do programa “Vigo Emprega” 1ª quenda 2016, iniciarán as súas funcións coa realización das entrevistas e posteriormente das probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local, conforme as “Bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do programa de emprego “Vigo Emprega”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(1289).- OUTORGAMENTO DE AXUDAS DA “CONVOCATORIA PARA O ANO 2015 DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA”. EXPTE. 12316/77.**

Visto o informe de fiscalización do 12/11/15, dáse conta do informe-proposta do 06/11/15, do xefe do Servizo conformado polo secretario de Admon. Municipal, polo concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

*“O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, leva a cabo programas e proxectos, sendo uns dos seus principais obxectivos o fomento do emprego. Deste xeito, a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego desenvolve, entre outros, o programa de “Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa”, como estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo.*

*A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 10 de setembro de 2015, aprobou as bases reguladoras e convocatoria das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, cunha disposición total de 100.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 “Plan de emprego xuvenil” do Estado de Gastos do vixente orzamento prorrogado de 2014 contabilizándose o RC Núm. 201500059389 (achégase copia do informe de intervención). Estas axudas foron publicadas no BOP núm. 182, do luns 21 de setembro de 2015 e difundidas mediante unha campaña de publicidade na prensa e na páxina web do Concello de Vigo.*



O concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, con data 27/10/2015, conforme ao establecido coa base 3ª, apartado 3.2, resolveu nomear a Comisión de Valoración e Seguimento que preside (achégase copia do documento).

Logo de examinar as solicitudes recibidas no Rexistro Xeral do concello pola comisión de valoración e seguimento das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Víguesa, verifícase que cumpren os requisitos contidos nas bases reguladoras e convocatoria. No caso dos solicitantes do programa ITIVI a falta dos TC2 correspondentes ao inicio do período da contratación efectiva, de realizarse no mes de setembro previamente á publicación destas axudas, e o do mes posterior á realización da transformación da modalidade de contratación está xustificada ao non estar emitidos polo organismo competente, aínda que o outorgamento destas axudas deberá estar condicionada a súa recepción no momento da xustificación.

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local. De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local “o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal”.

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo os art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA).

Segundo o acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 05.11.2015 que se achega no expediente, na que se indica que as empresas solicitantes destas axudas cumpren os requisitos esixidos nas bases e convocatoria, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Propoñer a concesión, por un importe de 13.062,50€ con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 “Plan de emprego xuvenil”, correspondendo 5.500,00€ ao Programa de incentivos á contratación (ICV) e 7.562,50€ ao Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (ITIVI) das axudas seguintes:

Orde	Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Programa solicitado	Importe en euros
1	12263/77	GRUPO SÉMOLA, SL	B27788603	ICV	5.000,00 €

Orde	Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Programa solicitado	Importe en euros
2	12269/77	CENTRO DE ESTUDIOS LEONOR, CB	E27804244	ICV	500,00 €
3	12270/77	CALVARIO GESTIÓN, SL	B36869923	ITIVI	1.437,50 €
4	12271/77	GESTORÍA PORTELA CALVARIO, SL	B36994085	ITIVI	1.125,00 €
5	12273/77	ENRIEL, SL	B36799377	ITIVI	2.500,00 €
6	12280/77	LORENA VILLAR FONSECA	36137851K	ITIVI	2.500,00 €

SEGUNDO: Proponer a denegación, por non cumprir os requisitos, das solicitudes seguintes:

Orde	Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Programa solicitado	Motivo denegación
7	12286/77	APAMP, ASOC. FAM. PERSOAS CON P. CEREBRAL	G36624120	ITIVI	Incumprimento da Base 1.2: a entidade solicitada non reviste a condición de empresa privada. <sup>(1)</sup>
8	12292/77	ASM SOFT, SL	B36636629	ITIVI	Incumprimento da Base 1.5.2: existencia de débedas co Concello de Vigo <sup>(2)</sup> .
9	12295/77	CUVIPAPER, SL	B27751338	ITIVI	Incumprimento da Base 1.2: a data de transformación do contrato en indefinido é previa á data de publicación das bases reguladoras e convocatoria <sup>(3)</sup>

- Base 1ª, apdo. 2: “Poderán solicitar estas axudas empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública...”
- Base 1ª, apdo. 1.5.2: “Acreditar no momento da solicitude da axuda, e sempre antes da data límite de presentación da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.”
- Base 1ª, apdo. 2: “Esta convocatoria comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido dende a data de publicación destas bases reguladoras e convocatoria e ata o 15 de outubro de 2015.”(publicadas no BOP núm. 182, do luns 21 de setembro de 2015).

TERCERO: Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 58 e 59 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no

prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CUARTO: Informar, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 4.1.c) da Lei 30/92, de RXAP e PAC, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1290).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS E INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES. EXPTE. 15857/444.**

Vistos o informes xurídico e de fiscalización do 12.11.15, dáse conta do informe-proposta asinado polo xefe dos Servizos Enerxéticos e polo enxeñeiro industrial da área de Fomento, conformado polo asesor xurídico de área, polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

*“Con data 25 de setembro 2015, o Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, resolveu iniciar o expediente para a contratación do mantemento integral das instalacións electromecánicas de: alumeado público, túneles, pasos inferiores e galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo e con data 19 de outubro 2015, o xefe de Servizos Enerxéticos e o enxeñeiro industrial municipal D. Benjamin Collazo elaboraron o prego de prescricións técnicas particulares cos anexos do inventario de instalacións e a memoria co estudo económico do expediente para que o Servizo de Contratación elaborara o prego de cláusulas administrativas particulares e as correspondentes follas de características do contrato anexas (FEC) que deben servir de base para a licitación.*

*O contrato conta coa natureza de contrato de servizos de conformidade co previsto no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), e pola súa contía está sometido a regulación armonizada (artigo 15, b) do TRLCSP.*

*No prego de cláusulas administrativas particulares destacan os seguintes aspectos :*

- 1º.- Óptase polo procedemento aberto e tramitación ordinaria ao amparo do artigo 122 do TRLCSP.*
- 2º.- En canto aos criterios de adxudicación, prevalece o menor prezo ofertado sobre os demais criterios que se contemplan para a adxudicación do contrato. Os criterios obxectivos (mediante aplicación de fórmula) supoñen un máximo total de 80*

puntos, namentres os criterios sometidos a xuízo de valor ascenden a un máximo de 20 puntos.

- 3º.- A duración do contrato é de 4 anos, estando previstas dúas prórrogas de un ano de duración cada unha delas.
- 4º.- O presuposto base de licitación fíxase en 8.763.375,00 euros, aos que lle correspondente un IVE de 1.840.308,75 €.
- 5º.- O expediente tramítase como anticipado de gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 1650.227.9902 e 1650.227.9903 dos orzamentos municipais, e os importes distribuíríanse por anualidades do seguinte xeito:

Anualidade	Importe (sen IVE)	Importe (con IVE)
Año 2016 ( 8 meses )	1.460.562,50 €	1.767.280,62 €
Año 2017	2.190.843,75 €	2.650.920,94 €
Año 2018	2.190.843,75 €	2.650.920,94 €
Año 2019	2.190.843,75 €	2.650.920,94 €
Año 2020 (4 meses)	730.281,25 €	883.640,31 €
<b>TOTAL</b>	<b>8.763.375,00 €</b>	<b>10.603.683,75 €</b>

A Asesoría Xurídica municipal informa favorablemente o prego de cláusulas administrativas particulares con data 12 de novembro 2015, previamente a somete-lo expediente á consideración do órgano de contratación será preceptivo o informe da Intervención Xeral, en canto á fiscalización do gasto.

En consecuencia e se o informe de fiscalización fôse favorable, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente de conformidade co previsto na disposición adicional segunda do TRLCSP, que adopte o seguinte,

ACORDO:

- 1º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas particulares de data 20 de outubro de 2015 e os seus anexos para a contratación do mantemento integral das instalacións electromecánicas de: alumbrado público, tuneles, pasos inferiores e galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo, redactado polo xefe de Servizos de Enerxéticos e o enxeñeiro industrial municipal D. Benjamin Collazo Rodríguez.
- 2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares de data 12 de novembro de 2015 e as follas de características do contrato anexas elaborados pola Xefa do Servizo de Contratación do Concello para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do mantemento integral das instalacións electromecánicas de: alumeado público, túneles, pasos inferiores e galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo.
- 3º.- Autoriza-lo gasto por un importe máximo de 10.603.683,75 € (dez millóns seiscentos tres mil seiscentos oitenta e tres euros con setenta e cinco céntimos),

con cargo ás aplicacións orzamentarias 1650.227.9902 e 1650.227.9903 dos orzamentos municipais, según o seguinte desglose por anualidades:

<b>Anualidade</b>	<b>Importe (sen IVE)</b>	<b>Importe (con IVE)</b>
Ano 2016 ( 8 meses )	1.460.562,50 €	1.767.280,62 €
Ano 2017	2.190.843,75 €	2.650.920,94 €
Ano 2018	2.190.843,75 €	2.650.920,94 €
Ano 2019	2.190.843,75 €	2.650.920,94 €
Ano 2020 (4 meses)	730.281,25 €	883.640,31 €
<b>TOTAL</b>	<b>8.763.375,00 €</b>	<b>10.603.683,75 €</b>

- 4º.- *Adquirir o compromiso de consignar nos orzamentos municipais correspondentes os importes indicados no punto anterior, para facer fronte ao gasto derivado da execución do presente contrato.*

*Abri-lo procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(1291).- BASES DE PARTICIPACIÓN E CONVOCATORIA DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS”, 2015-2016. EXPTE. 6251/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.11.15, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 9.11.15, conformado pola concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, que di o seguinte:

*O Servizo de Festas está a organizar a tradicional Cabalgata de Reis, que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2016, martes, na cidade de Vigo.*

*Como vén sendo habitual, o Concello ofértalle aos nenas e nenos da nosa cidade a posibilidade de participar activamente neste evento, mediante a convocatoria do concurso: “Vente cos Reis Magos”.*

*O concurso ten por obxecto seleccionar a corenta nenos e nenas da cidade para acompañar ás súas maxestades nas carrozas reais, dentro da comitiva real. Este concurso ten como única limitación a idade dos participantes por motivos de seguridade, nesta edición, tan só poden tomar parte os nados entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2007. A inscrición para o concurso realízase cumprimentando unha solicitude, previamente distribuída nos colexios e Centros Culturais e veciñais da cidade, que se pode depositar na caixa de correos existente na lonxa do Concello e nas caixas de correos depositadas nos Centros cívicos de Teis, Coruxo,*

Casco Vello e Saiáns . Os pais, nais ou titores dos nenos agraciados terán que asinar a pertinente autorización ou, se é o caso, renuncia.

Á vista do exposto, previo o informe do Secretario da administración municipal e coa conformidade da concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno a seguinte,

#### **PROPOSTA:**

*“Que se aproben as Bases de participación que se achegan no expediente correspondentes ao concurso 'Vente cos Reis Magos' 2015-16 e que teñen por obxecto seleccionar a corenta nenos/as para acompañar aos Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2016”.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **BASES DE PARTICIPACIÓN DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2015-16”**

- 1. O obxecto deste concurso é seleccionar a corenta nenas e nenos para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro de 2016. As/os nenas/os serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e unha do Carteiro Real.*
- 2. Neste concurso poderán participar todas/os nenas e nenos da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2007, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.*
- 3. Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller na oficina de Información da Lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por nena/o, sendo eliminados do concurso aqueles que presenten máis dun.*
- 4. As inscricións depositaranse nas caixas de correos do Carteiro real que se instalarán na Lonxa da Casa do Concello e nos Centros cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saiáns. O prazo de inscrición comezará o día 1 de decembro e finalizará ás 20:00 horas do día 16 de decembro de 2015.*
- 5. O sorteo realizarase o día 22 de decembro de 2015, ás 12:00 horas, na Casa do Concello.*
- 6. No sorteo, ademais dos nenas e nenos seleccionadas/os, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.*
- 7. Os pais, nais ou titores das nenas e dos nenos agraciados no sorteo deberán, tras a comunicación da Concellaría de Festas e Turismo, asinar a pertinente autorización e acreditar, mediante a presentación do libro de familia, non só a idade senón, a paternidade ou maternidade, ou titoría, no seu caso. De ser o caso, poderán asinar a renuncia.*
- 8. O Concello de Vigo ofreceralles ás nenas e aos nenos seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.*

9. O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que as nenas ou nenos puidesen sufrir ou provocar con ocasión desta acción.

10. A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

**13(1292).- 10ª REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE A RECICLADORES AUTORIZADOS DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS RECICLABLES. EXPTE. 5521/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.11.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, da mesma data, conformado polo asesor xurídico de área de Fomento, polo concelleiro-delegado de dita Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Examinadas as conclusións do informe da Intervención Xeral de data 6 de outubro do 2015, no que se fiscaliza de conformidade a proposta contida no expediente, facendo as seguintes observacións:

- i. *O servizo xestor deberá axilizar a tramitación dos expedientes destas características, que non precisan da previa solicitude do contratista -xa que a revisión de prezos configúrase como unha obrigaación da Administración ao estar expresamente prevista nos PCAP-, previa comprobación da concorrencia dos requisitos esixidos na normativa de aplicación, de tal modo que se posibilite unha mellor imputación anual do custo efectivo do servizo ao orzamento que lle corresponda, en cumprimento do previsto na Orde HSP/2075/2015, de 6 de novembro, poloa que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais.*
- ii. *Na páxina 6 do informe-proposta existe un erro na transcripción do incremento dec 2013/2014 + 1,5 puntos, xa que donde pon 0,8%, debe poñer 0,5%, aínda que este erro non afecta aos cálculos realizados dado que se fixeron sobre a porcentaxe correcta.*
- iii. *Na páxina 7 do informe-proposta existe un erro na transcripción dos meses do prezo mensual do combustible, xa que donde pon outubro 2012 a setembro 2013 entendo que debe poñer outubro 2013 a setembro 2014, aínda que este erro non afecta aos cálculos realizados.*

Procedeuse á corrección da proposta, quedando esta reformulada como segue:

**1.- ANTECEDENTES**

- i. A entidade mercantil, “Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., e Contener España, S.L., U.T.E. (ley 18/1982 de 26 de maio)” en diante “VIGO RECICLA UTE”, a medio do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 17 de abril do 2015, Doc.: 150045489, como adxudicataria do concurso convocado para a Concesión do Servizo de contenerización, re-

collida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbans reciclables da Cidade de Vigo, **solicitou a décima revisión ordinaria do prezo do contrato que terá efectos na anualidade comprendida entre o 1 de outubro de 2013 e o 30 de setembro de 2014.**

- ii. En data 21 de decembro do ano 2002 o Pleno do Concello de Vigo aprobou os Pregos de condicións para o contrato. Abriuse polo tanto o prazo de presentación de ofertas que rematou en marzo do ano 2003.
- iii. En data 1 de agosto do 2003, o Pleno do Concello de Vigo acordou adjudicar o contrato de concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbans reciclables da Cidade de Vigo á mercantil VIGO RECICLA U.T.E.
- iv. En data 29 de setembro do 2003 asinou o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, iniciándose a prestación do servizo o día 1 de outubro seguinte, rematando este o día 31 de marzo do ano 2017 e por un importe anual de 1.770.331,01 euros (ive 7% engadido) naquel momento.
- v. En data 5 de setembro do 2005, a Xunta de Goberno Local aprobou a primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, por importe de 1.822.702,61€ anuais para o período do 1 de xaneiro do 2005 ao 31 de decembro do mesmo ano.
- vi. En data 12 de xuño do 2007, a Xunta de Goberno Local aprobou a segunda revisión ordinaria do prezo do contrato, por importe de 1.902.094,74€ anuais para o período do 1 de outubro do 2005 ao 30 de setembro do ano 2006.
- vii. En data 4 de decembro do 2009, a XGL aprobou a terceira e cuarta revisións ordinarias do prezo do contrato, cuns coeficientes de revisión  $K_{2006}=1,1718$  para o período 1/10/2006 a 30/09/2007, e  $K_{2007}=1,230$  para o período 1/10/2007 a 30/09/2008.
- viii. En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- ix. En data 23/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2008}=1,2414$ , e con efectos no período 1 de outubro do 2008 ao 30 de setembro do 2009.
- x. En data 14/10/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2009}=1,2724$ , resultando un prezo total de 2.075.144,03€/ano ive 7% engadido, para o período 1 de outubro do 2009 ao 30 de setembro do 2010 (2.094.537,90€/ano ive 8% engadido).
- xi. En data 27/04/2012 a Xunta de Goberno Local aprobou a renovación de medios materiais e maquinaria adscritos á concesión, cunha inversión de 2.823.217,50 euros. A recuperación do capital invertido e o seu financiamento autorizouse mediante a facturación mensual de cuotas fixas xiradas ao Concello de Vigo a partir do mes seguinte ao da efectiva incorporación dos vehículos.
- xii. En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- xiii. En data 21/12/2012 a XGL aprobou a sétima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2010}=1,3315$  para o período 1/10/2010 a 30/09/2011, do que resultou un prezo do contrato de 2.200.165,80€/ano (IVE 10% engadido).



- xiv. En data 23 de abril do 2013 asinouse o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, conforme ao disposto por acordo da XGL de 27 de abril do 2012.
- xv. En data 10/10/2014 a XGL acordou aprobar a nova cuota de amortización máis financiamento para a inversión realizada pola empresa na renovación dos medios materiais e maquinaria, con efectos dende o 1 de decembro do ano 2013 e ata o final do contrato (40 mensualidades), por importe de 535.427,53€/ano (sen iva). Este novo importe, modifica o termo da amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser de 684.543,90 euros, dos que 535.427,53€ son polos novos medios incorporados e 149.116,37€ polos medios non renovados que se amortizan a 13,5 anos dende o inicio do contrato.
- xvi. En data 8/05/2015 a XGL aprobou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2011}=1,3904$  para o período 1/10/2011 a 30/09/2012. Desta revisión resultou un prezo actualizado do contrato para o ano 2015 de 2.325.495,01€/ano (IVE 10% engadido).
- xvii. En data 9/05/2015 a XGL aprobou a novena revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión  $K_{2012}=1,4278$  para o período 1/10/2012 a 30/09/2013, do que resultou un prezo do contrato de 2.309.077,93 €/ano (IVE 10% engadido).

## 2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexeu o procedemento de contratación.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso, e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

a) Revisión Ordinaria:

O prezo contractual será obxecto de revisión anual conforme á seguinte fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(Po - \text{Amortización}) \cdot K + \text{Amortización}] \cdot T$$

Na que:

- $Po$  = Prezo inicial do contrato IVE excluído.
- $T$  = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do IVE aplicable á operación.
- $K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$

**A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centésimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).**

O concepto Amortización defínese como o “valor do termo constante da renda inmediata post- pagable necesaria para amortiza-lo capital invertido - obxecto de reversión- en “n” períodos de tempo, o tanto unitario “i”, en base a pagamentos mensuais”.

O tanto unitario “i” será o EURIBOR a un ano (ou inmediato prazo inferior) ou índice que o substitúa o día que se publique o anuncio de licitación no BOE, máis una marxe de 1 punto porcentual ou menor diferencial que poidan ofrece-los licitadores nas súas propostas económicas.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polinómica; sen embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia MIBOR que sexa de aplicación aumentando ou diminuindo a referida cota constante segundo o cadro de amortizacións que para o efecto se elabore.

As diferencias positivas ou negativas entre ámbalas dúas anualidades dará lugar a unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu devengo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

No cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos á seguinte restrición:  $A+B+C = 1$  e deberán ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

$Mt/Mo$  = Índice Xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións  $Mt/Mo = Cpn(t) / Cpn(o)$  sendo “Cpn” o custe medio real para a categoría de peón-noite, segundo convenio colectivo nos anos “t” de revisión e “o” do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual deste índice non poderá ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

$Gt$  = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano de revisión (t).

$Go$  = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o) (0,694 €/l).

$Rt$  = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión.

$Ro$  = outros gastos, no momento da adjudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adjudicado, así como as posibles ampliacións que poidan producirse durante vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato, a partir do mes de xaneiro do ano seguinte ó do inicio do contrato.

Visto o anterior e dado que xa se teñen aprobado nove revisións ordinarias do prezo do contrato previas a esta solicitude, a última con efectos dende o 1 de outubro do 2012 ao 30 de setembro de 2013, procede neste momento tramitar a décima revisión que conforme ao Prego de Condicións se determina mediante a fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(\text{Prezo a orixe} - \text{Amortización}) \cdot K_t + \text{Amortización}] \cdot T$$

donde

Os valores dos coeficientes de ponderación fixados polo adxudicatario na súa oferta son:

$$A=0,48; B=0,08; C=0,44$$

### 3.- DETERMINACIÓN DO COEFICIENTE DE REVISIÓN ( $K_t$ )

Para o cálculo do coeficiente de revisión  $K_t$  que corresponde neste momento [ $K_{2013}=0,48 \cdot (M_t/M_o) + 0,08 \cdot (G_t/G_o) + 0,44 \cdot (R_t/R_o)$ ], determinaránse en primeiro lugar cada un dos compoñentes dos seus sumandos, do xeito que se expón a continuación:

#### a) $M_t/M_o$

Tal como indica o prego, este compoñente da fórmula de revisión corresponde ao incremento real dos custos de persoal obtidos segundo a seguinte expresión:  $M_t/M_o = C_{pn}(2003)/C_{pn}(2013/2014)$ , sendo  $C_{pn}(2003)$  o custe de persoal para a categoría peón na quenda de noite no ano en que remata o prazo para presentación de ofertas (marzo do ano 2003), cuxo importe é de 15.829,65 euros, e o  $C_{pn}$  para a mesma categoría no ano de revisión que comprende o período outubro a decembro do 2013 e xaneiro a setembro do 2014.

Para a obtención do  $C_{pn}$  no ano de revisión, dado que dito período contén parte do custe dese concepto de dúas anualidades “naturais” diferentes (2013 e 2014), deberase obter un custe medio nese intervalo, este custe medio obterase aplicando ao custe do concepto a revisar,  $C_{pn}(2003)$  ano “orixen”, o incremento acumulado do IPC, dende o ano de adxudicación, ata decembro de 2013 e decembro de 2014 respectivamente, mais 1,5 puntos porcentuais como máximo, obtendo desta forma un custe anual (CPN) para cada un dos anos. Posteriormente, e segundo o número de mensualidades de cada un dos anos que comprende o período de revisión (3 mensualidades do ano 2013 e 9 mensualidades do ano 2014), obterase o custe medio que se utilizará para calcular o incremento producido con respecto ao custe peón no ano de finalización de presentación de ofertas.

O feito de que se aplique o incremento do IPC ata o mes de decembro de cada un dos anos que comprende o período de revisión, obedece a que tal como se recolle no PCA que rexeu a contratación, a comparación entre custes deste concepto  $C_{pn}$ , realizarase entre o custe a orixe e o custe do período de revisión, e este custe obtense, tal como se recolle no Convenio colectivo da empresa, por aplicación do IPC “real do ano”, ao custe da anualidade anterior. Como vemos é o “IPC real” do ano en cuestión o que se aplica para obter o custe salarial, e non o IPC das doce mensualidades inmediatamente anteriores, tal como sucede en outros contratos.

Tomando o ano 2003 como custe inicial ( $M_o=100,00$ ), calcúlanse os incrementos:

- Ano de referencia 2003: 100%
- Incremento dec 2003/2004 + 1,5 puntos : 4,7 % incremento acumulado 1,0470
- Incremento dec 2004/2005 + 1,5 puntos: 5,2 % incremento acumulado 1,1014

- Incremento dec 2005/2006 + 1,5 puntos: 4,2% incremento acumulado	1,1477
- Incremento dec 2006/2007 + 1,5 puntos: 5,7 % incremento acumulado	1,2131
- Incremento dec 2007/2008 + 1,5 puntos: 2,9 % incremento acumulado	1,2483
- Incremento dec 2008/2009 + 1,5 puntos: 2,3% incremento acumulado	1,2770
- Incremento dec 2009/2010 + 1,5 puntos: 4,5% incremento acumulado	1,3345
- Incremento dec 2010/2011 + 1,5 puntos: 3,9% incremento acumulado	1,3865
- Incremento dec 2011/2012 + 1,5 puntos: 4,4% incremento acumulado	1,4475
- Incremento dec 2012/2013 + 1,5 puntos: 1,8% incremento acumulado	1,4736
- Incremento dec 2013/2014 + 1,5 puntos: 0,5% incremento acumulado	1,4810

Custe peón noite (convenio) entre outubro- decembro de 2013 (3 meses):

$$15.829,65 \times 1,4736 \cdot 3/12 = 5.831,60 \text{ euros.}$$

Custe peón noite (convenio) xaneiro- setembro 2014 (9 meses):

$$15.829,65 \times 1,4810 \cdot 9/12 = 17.582,27 \text{ euros.}$$

Custe medio peón para o periodo de revisión (outubro 2013/ setembro 2014) sería:

$$Cpn = 5.831,60 + 17.582,27 = 23.413,87 \text{ euros anuais.}$$

Se este custe medio calculado (23.413,87) o dividimos polo custe para a mesma categoría no ano orixen (ano 2003), cuxo importe era de 15.829,65 euros, o compoñente da fórmula  $Cpn(2003)/Cpn(2013/2014)$  resulta:

$$Mt/M0 = 1,4791 \quad (23.413,87 / 15.829,65)$$

Procede neste intre realizar unha comprobación para verificar que o custe así calculado é igual ou inferior ao custe real soportado pola concesionaria, dado que o incremento IPC+1,5% é o máximo permitido polo prego, pero o custe real podería ser inferior polo que a revisión debería contemplar tal circunstancia.

O custe actual do peón noite para a concesionaria ascende a 26.173,43€, o que representa un 65,34% sobre o inicial, mentras que o límite do IPC+1,5 está no 48,10% desde a orixe. Como se aprecia, o incremento revisado é inferior ao soportado pola empresa o que demostra que a subida salarial dos traballadores non é inferior ao límite contractual. Nestas circunstancias é correcto revisar o prezo do contrato polo máximo marxe anual permitido no prego (1,5%), no referente ao incremento dos custes de persoal.

#### b) Gt/Go

Go corresponde ao incremento do custe medio ponderado do combustible para o ano de licitación (2003), cuxo valor é 0,694€/lit conforme ao prego de condicións, e Gt ao custe medio ponderado do combustible para o ano de revisión (2012/2013).

Obtense este valor do prezo medio mensual do combustible publicado polo Ministerio de Industria de xeito que:

Mes	Precio mes
Outubro 2013	1,3551
Novembro 2013	1,3421

Decembro 2013	1,3544
Xaneiro 2014	1,3421
Febreiro 2014	1,3390
Marzo 2014	1,3250
Abril 2014	1,3241
Maio 2014	1,3227
Xuño 2014	1,3306
Xullo 2014	1,3255
Agosto 2014	1,3225
Setembro 2014	1,3214

MEDIA= **1,3337**

polo tanto o valor do coeficiente resulta:

$$\mathbf{Gt/Go = 1,9218} \quad (1,3337 / 0,694)$$

**c) Rt/Ro**

Rt son outros gastos no momento de revisión, calculados por aplicación do IPC nacional correspondente ao mes no que se realiza a revisión, e Ro outros gastos no momento da adjudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ao mes no que finalice o prazo de presentación de proposicións (marzo do 2003).

Da páxina oficial do Instituto Nacional de Estatística obtemos a variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 dende Marzo de 2003 ata setembro do 2013, igual a 29,1%

$$\mathbf{Rt/Ro = 1,291.}$$

**d) Determinación do coeficiente de revisión ( $K_{2013}$ ):**

O coeficiente de revisión para a anualidade a revisar (setembro 2013/2014), tendo en conta os valores dos coeficientes de ponderación fixados na oferta do adjudicatario A=0,48; B=0,08; C=0,44, resulta:

$$K_{2013} = (0,48 \times 1,4791) + (0,08 \times 1,9218) + (0,44 \times 1,291) = 1,4317565786$$

Este valor debe aproximarse a cinco cifras significativas como máximo, para que sexa manexable e uniforme á hora de realizar os cálculos da revisión do prezo, xa que por mor dos importes que se manexan, os redondeos inflúen no resultado final. Así:

$$\mathbf{K_{2013} = 1,4318.}$$

**4.- CÁLCULO DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:**

Consonte co recollido na fundamentación xurídica deste informe, procede unha nova revisión ordinaria do prezo do contrato para o período 1 de outubro do 2013 a 30 de setembro do 2014, calculada coa fórmula polinómica e os coeficientes especificados anteriormente.

Por mor da incorporación da maquinaria renovada, debemos establecer varios intervalos temporais en función das condicións de cada un deles, para determinar os importes respectivos:

a) Período 1 de outubro ao 30 de novembro do 2013

Prezo= $[(1.659.318,35-631.166,40) \cdot 1,4318+631.166,40] \cdot 1,10 = 2.313.601,80\text{€/ano}$

b) Período 1 de decembro do 2013 a 30 de setembro do 2014

A partir do 1 de decembro do ano 2013, produciuse a incorporación dos medios materiais e maquinaria renovados o que implicou a introducción da nova cuota do termo da amortización máis o financiamento aprobada pola XGL de 10/10/2014: 684.543,90€/ano, polo que o prezo será:

Prezo= $[(1.659.318,35-631.166,40) \cdot 1,4318+684.543,90] \cdot 1,10 = 2.372.317,05\text{€/ano}$

c) Período do 1 de outubro ao 31 de decembro do 2014

Para este período procederá unha ou varias novas revisións ordinarias do prezo do contrato que mentres non se acorden polo órgano competente, prorrogarase o prezo anteriormente calculado.

Prezo= 2.372.317,05 €/ano

O que supón unha diferenza de 4.523,87€/ano (376,99€ ao mes), co prezo facturado actualmente.

## 5.- CÁLCULO DE ATRASOS

Os atrasos adebedados á empresa concesionaria calcúlanse pola diferenza entre o importe realmente facturado e o importe que lle corresponde polo resultado da actual revisión de prezos, computado nos meses exactos de cada período, e ata o día 31 de decembro do ano 2014. Non se consideran como atrasos as cantidades non facturadas por calquera motivo no ano en curso 2015 e que serán regularizadas en todo caso este exercicio económico.

É preciso polo tanto realizar os cálculos por períodos temporais iguais aos que corresponden ás variacións do prezo antes referidas tal como se expón a continuación. Dos cálculos realizados resulta un importe de atrasos de:

**Atrasos (1/10/2013 a 31/12/2014)= 5.654,84€**

cuxo desglose é o seguinte:

i. Período 1 de outubro ao 30 de novembro de 2013.

Neste período a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 2.309.077,93€/ano (192.423,16 €/mes) conforme ao prezo aprobado pola XGL de 29/05/2015.

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período é de 2.313.601,80 €/ano (192.800,15€/mes), polo que a diferenza para dous meses é de:

$$2.313.601,80 - 2.309.077,93 \cdot (2/12) = 753,98\text{€ (ive 10\% engadido)}$$

ii. Período 1 de decembro do 2013 a 30 de setembro do 2014

Neste período opera a nova cuota de amortización máis financiamento pola renovación dos medios materiais e maquinaria, do que resulta un prezo revisado de 2.372.317,05€/ano (197.693,09€/mes) ive 10% engadido. Nese período a empresa facturou a razón de 2.367.793,18€/ano (197.316,10 €/mes) ive

10% engadido aprobado pola XGL de data 29/05/2015, de xeito que o importe dos atrasos para 10 mensualidades ascende a:

$$2.372.317,05 - 2.367.793,18 \cdot (10/12) = 3.769,89\text{€ (ive 10\% engadido)}$$

iii. Período do 1 de outubro ao 31 de decembro do 2014

Como quedou dito e a falla da pertinente actualización ordinaria do prezo do contrato, neste período prorrogase o prezo anterior 2.372.317,05 €/ano (197.693,09€/mes), de xeito que o importe dos atrasos para tres mensualidades ascende a:

$$2.372.317,05 - 2.367.793,18 \cdot (3/12) = 1.130,97\text{€ (ive 10\% engadido)}$$

Polo exposto anteriormente, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local deste Concello, a adopción do seguinte:

### ACORDO

1. Aprobar a 10ª revisión ordinaria do prezo do contrato de Concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo, cuxa adxudicataria é a empresa VIGO RECICLA U.T.E., fixando un coeficiente de revisión a partir do día 1 de outubro de 2013 en  $K_{2013} = 1,4318$ , do que resulta un prezo revisado de 2.313.601,80€ (ive 10% engadido) para o período 1 de outubro a 30 de novembro do 2013, e 2.372.317,05€ para o período 1 de decembro do 2013 ao 30 de setembro do 2014.
2. Prorrogar o prezo calculado de 2.372.317,05€/ano (ive 10% engadido), pendente das revisións que correspondan, ata o día 31 de decembro do 2014.
3. Establecer como prezo actualizado do contrato para o ano 2015, pendente das revisións que correspondan no futuro, o de 2.372.317,05€/ano (IVE 10% engadido), supoñendo unha diferenza de 4.523,87€/ano (376,99€ ao mes), co prezo facturado actualmente.
4. Recoñecer á empresa concesionaria, en concepto de atrasos pola diferenza do prezo revisado co prezo realmente facturado ata o día 31 de decembro do 2014, o importe de 5.654,84€ desglosado conforme ás seguintes cuantías
  - i. 753,98€ (ive 10% engadido) polos meses de outubro e novembro do 2013
  - ii. 3.769,89€ (ive 10% engadido) polo período decembro 2013 a setembro do 2014
  - iii. 1.130,97€ (ive 10% engadido) de outubro a decembro do 2014

imputando o gasto á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1621..2270015 “recollida selectiva do lixo” do vixente orzamento municipal.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(1293).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO 2015. EXPTE. 1996/334.**

Mediante providencia de data 9.11.15, en cumprimento ao establecido na base 31<sup>a</sup> das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleira de Normalización Lingüística dá conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de outubro de 2015, que di o seguinte:

<i>Expediente</i>	<i>1980-334. Obradoiros de escritura creativa dirixidos a persoas adultas</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 6 de outubro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 64447</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Clara Isabel Rodríguez Giráldez</i>
<i>Importe</i>	<i>942,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1981-334. Libros</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 6 de outubro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 64445</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>500,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1982-334. Accións dinamizadoras do galego nos centros de ensino</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 6 de outubro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 64446</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>8.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1987-334. Actividades nos centros de ensino Prende no colo dirixidas ás escolas infantís e Xogos musicais para infantil</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 5 de outubro de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 64506</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Luís Prego Fernández</i>
<i>Importe</i>	<i>5.200,00 euros</i>

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda enterada.



**15(1294).- CONVENIO COA FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO PARA AXUDA DO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE ANO 2015. EXPTE. 7179/320.**

Visto o informe xurídico, do 3.11.15, e o informe de fiscalización, do 11.11.15, dáse conta do informe proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 23.10.15, conformado polo concelleiro de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 19-10-2015 (doc. 150132651), D. Pedro Pereira Carballo, en calidade de presidente da Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo (CIF: G-36899375), solicita a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do local da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade durante os meses de xaneiro a novembro de 2015.*

*Segundo certificación do Secretario da Fundación, de 19-10-2015, e conforme ao art. 15 dos seus estatutos, será o presidente, D. Pedro Pereira Carballo a persoa responsable de actuar en nome da entidade ante a administración local, polo tanto, para a sinatura do convenio.*

**COMPETENCIA MUNICIPAL**

*Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado. Polo tanto, solo poderán exercer competencias distintas das propias o as atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sostenibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal, e non se incurra en un suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.*

*Neste sentido, o artigo art. 3.3.b) da nova Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal é como se nos presenta neste suposto, xa que unha das principais funcións do Servizo de Participación é o fomento do asociacionismo que se materializa a través da convocatoria pública de subvencións e por medio da sinatura de convenios con diferentes asociacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e, particularmente, coa Fundación Provincial de Alimentos coa que se leva colaborando activamente nos últimos anos:*

- *Ano 2012: Convenio de colaboración. Expte: 5825-320*
- *Ano 2013: Convenio de colaboración: Expte: 6275-320*
- *Ano 2014: Convenio de colaboración: Expte: 6725-320*

**MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. XUSTIFICACIÓN**

O artigo 22.2.c) da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en diante), posibilita a concesión directa daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Neste caso, tratase de fomentar de actuacións en apoio e atención ás persoas máis necesitadas e de loita contra a pobreza e a marxinação, o desenvolvemento de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, caritativos, humanitario educativos, formativos, así como, de información, promoción e organización de accións orientadas a achegar axuda as persoas con necesidades básicas especiais.

Debido a actual situación de crise o nivel de actividade da asociación aumentou de forma exponencial nos últimos anos o que supuxo a imperiosa necesidade de buscar un novo local social de maior capacidade para levar a cabo as funcións de clasificación, almacenaxe e distribución dos alimentos que distribúen periodicamente entre máis de 130 entidades receptoras que atenden a máis de 6.000 familias:

- Asociacións benéficas (Alborada, AFAN, AYUVI, Médicos de Mundo, Red Madre...)
- Residencias e asilos (Asilo de anciáns Santa Marta...)
- Comedores benéficos (Vida Digna...)
- Garderías e comedores infantís (Comedor Nuestra Señora Esperanza...)
- Centros de acollida para toxicómanos (MADRO, RETO...)
- Centros de discapacitados
- Conventos e colexios
- Cáritas parroquiais
- Igrexas evanxélicas...etc.

O principal motivo que acredita o carácter singular desta subvención é o beneficio social e económico resultante desta rede de colaboración encabezada e coordinada pola Fundación Banco de Alimentos, da que se beneficia en último término un elevado número de veciños e veciñas de Vigo. Este tipo de actividades complementan os servizos ofertados polas diferentes administracións, e incluso, canalizan necesidades especiais as que non chegan os servizos públicos, ao tempo que promoven a solidariedade e implicación da sociedade na problemática das persoas en risco de exclusión social.

A subvención obxecto do presente expediente canalizarase, de conformidade co art. 26.1 da Lei 9/07, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG, en diante), a través de convenio.

Consultado os arquivos da Oficina de Participación Cidadá, consta que a beneficiaria da subvención, a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 836/03, segundo Decreto de Alcaldía de data 28/02/03.

## OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio é o fomento das actividades programados pola entidade para o ano 2015, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do local social, realizados entre os meses de xaneiro a novembro, necesarios para o seu desenvolvemento, en especial, os gastos de aluguer do seu local social, actividades que se consideran de interese público e social.

Segundo recolle art. 6 dos seus Estatutos, a fundación ten como finalidade contribuír e achegar resposta aos problemas de fame, marxinação, paro, pobreza, mediante a recadación e distribución de excedentes e doazóns de alimentos e demais bens propios dunha organización caritativa, proporcionando solucións colectivas en ámbitos asistenciais, laborais, formativos. Para o cumprimento do seu fin, a fundación realiza entre outras actividades, todas elas de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Establecer os contactos oportunos para conseguir gratuitamente os excedentes do sector agroalimentario, cadeas de distribución, ...

- ✓ *Obter achegas de alimentos do grande público, por medio de colectas en centros comerciais, colexios, ...*
- ✓ *Darlle publicidade aos seus fins e necesidades, a fin de recabar a axuda que sexa precisa*
- ✓ *Solicitar axudas económicas de todo tipo*

*O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, para subvencionar os gastos de mantemento do seu local social necesarios para levar a cabo as actividades socioasistenciais, humanitarias e de loita contra a pobreza e a marxinação programadas pola entidade para o ano 2015, en definitiva, para o fomento das súas actividades.*

*Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.*

#### **CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**

*Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal prorrogado, a partida presupostaria nº 9240 4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", dotada con 40.000 €.*

*A contía do presente convenio é de 13.865,45 €.*

#### **DOCUMENTACIÓN**

*A Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:*

1. *Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:*
  - *Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 16/10/15*
  - *Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 16/10/15*
  - *Seguridade Social, de data 16/10/15*
  - *Concello de Vigo, de data 22/10/15*
2. *Declaracións responsables do presidente da asociación de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, de non ter solicitado nin percibido outras axudas para a mesma finalidade, así como, de non ser debedor, por resolución, de procedencia de reintegro.*

*Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:*

1. *Solicitud expresa, do presidente da Fundación, de formalización do convenio.*
2. *Certificacións do secretario da entidade segundo o cal, a Asemblea de patronos acordou solicitar a formalización do convenio, e sobre facultade do presidente da entidade para actuar en nome da fundación, do que se acompaña fotocopia de DNI.*
3. *Certificación bancaria: ES40 2080 5113 0630 4000 9557*
4. *Contrato de arrendamento do local social.*
5. *Proxecto de actividades da entidade para o ano 2015, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a novembro. O orzamento de gastos*

de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DERIVADOS DO ALUGUER (xaneiro-novembro)	
Aluguer do local social	11.130,00 €
Aluguer do garaxe	945,45 €
Impostos	1.790,00 €
TOTAL	13.865,45 €

#### PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

Seguindo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de decembro de 2015.

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38ª.8 das BEP.

A vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención Xeral sobre a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente e, de conformidade co art. 127.1.g) da LRBRL, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO.** - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 13.865,45 € , con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", incluída no vixente orzamento municipal de 2015, a favor da entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo.

**SEGUNDO.** - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo (CIF: G-36899375), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2015, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a novembro, en especial, os gastos de aluguer, necesarios para o seu desenvolvemento, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 13.865,45 €.

**TERCEIRO.** - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ambos os dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar resolución.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO, PARA A AXUDA NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL NO ANO 2015 (XANEIRO-NOVEMBRO)

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Pedro Pereira Carballo, con DNI 33105786-Y, en calidade de Presidente da Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo (CIF: G-36899375), con domicilio social no Camiño de Moiania, nave 1-3, Sárdoma, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7179/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de actuacións en apoio e atención ás persoas máis necesitadas e de loita contra a pobreza e a marxinación, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas ao desenvolvemento de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, caritativos, educativos, formativos, así como, de información,

*promoción e organización de accións orientadas a achegar axuda as persoas con necesidades básicas especiais, sendo a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.*

*III.- Que a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, ten como finalidade contribuír e achegar resposta aos problemas de fame, marxinação, paro, pobreza, mediante a recadación e distribución de excedentes e doazóns de alimentos e demais bens propios dunha organización caritativa, proporcionando solucións colectivas en ámbitos asistenciais, laborais, formativos. Para o cumprimento do seu fin, a fundación realiza entre outras actividades, todas elas de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:*

- ✓ Establecer os contactos oportunos para conseguir gratuitamente os excedentes do sector agroalimentario, cadeas de distribución, ...*
- ✓ Obter achegas de alimentos do grande público, por medio de colectas en centros comerciais, colexios, ...*
- ✓ Darlle publicidade aos seus fins e necesidades, a fin de recabar a axuda que sexa precisa*
- ✓ Solicitar axudas económicas de todo tipo*

*IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04, a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 836/03.*

*V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2015, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre os meses de xaneiro e novembro, necesarios para o seu desenvolvemento, en particular, aos gastos de aluguer.*

*VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV ("Transferencias correntes") do seu vixente orzamento municipal (2015), a aplicación orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro".*

*VII.- As actividades programadas pola Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo para o 2015, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:*

- procurar alimentos, recuperando excedentes alimentarios da sociedade en xeral, a través de operacións puntuais en áreas comerciais, doazóns ocasionais, operacións quilo en colexios, empresas, asociacións, centros comerciais...*
- clasificar, ordenar e conservar nas súas instalacións os alimentos recadados, con axuda de voluntarios*
- repartir os alimentos entre as entidades lexitimadas e rexistradas oficialmente.*

*VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da*

concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade para o ano 2015, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social situado no Camiño Moiana, nave 1-3, Sárdoma (Vigo) entre os meses de xaneiro a novembro, necesarios para o seu desenvolvemento, en particular, os gastos de aluguer, cuxa contía total neste período, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DERIVADOS DO ALUGUER (xaneiro-novembro)	
Aluguer do local social	11.130,00 €
Aluguer do garaxe	945,45 €
Impostos	1.790,00 €
TOTAL	13.865,45 €

IX.- Que a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo non incorrer en ningunha circunstancia e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo unha subvención por importe de 13.865,45 €, con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", do vixente orzamento municipal (2015), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento do local da asociación entre os meses de xaneiro a novembro, en especial, os gastos de aluguer, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades para o ano 2015, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD



887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

*Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2015.*

*Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de decembro de 2015.*

*A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:*

*a) Solicitude de abono da subvención.*

*b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datos e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Actuacións realizadas.*
- 5. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 6. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
  - 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.*

*c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base*

*factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

*d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente*
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*

- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplifícadamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número: ES40 2080 5113 06 3040009557 (Abanca)

Décimo .- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2015, no período comprendido entre o 01-01-15 e o 30-11-15.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2015, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2015.*

*Polo Concello de Vigo:  
O Alcalde,*

*Abel Caballero Álvarez*

*Pola Fundación Provincial Banco de Alimentos  
de Vigo*

*O presidente,  
Pedro Pereira Carballo*

**16(1295).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CINCO AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL, E CATRO DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 27214/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.11.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, 5.11.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Con data 08/10/2015, a Xefa do Servizo e o Xefe da Area de Benestar Social, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, solicita o nomeamento urxente por acumulación de tarefas de 4 diplomados/as en traballo social e 5 auxiliares administrativos/as, pola escaseza de RR.HH existentes no Servizo e que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente, debido a que a mesma segue aumentando pola coxuntura socioeconómica, a acumulación producida na tramitación das demandas presentadas polos/as cidadáns e, polo actual estado de tramitación das solicitudes de RISGAS, AIS e DEPENDENCIAS, e a xestión e xustificación das solicitudes do Programa de Axudas Escolares.*

*O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 26/10/2015, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de catro Diplomados/as en Traballo Social e cinco auxiliares administrativos/as por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade derogado polo artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, nos termos da solicitude mencionada.*

Na última Oferta de Emprego Público convocada por este concello, incluíronse sete prazas de Diplomado/a en Traballo Social, quedando un total de quince aspirantes, que tendo aprobados tódolos exercicios da oposición non obtiveron praza, pasaron a formar parte dunha lista de substitucións, segundo previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade no mesmo artigo do Texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, EBEP), pero que posteriormente foron nomeadas interinamente con cargo a praza vacante, interinas por acumulación de tarefas (art. 10.1 d), contratadas laboralmente por obra ou servizo determinado, nalgún caso ou ben renunciaron a posibilidade de se-lo, polo que na actualidade a referida lista atópase esgotada.

Sendo necesaria dispoñer dunha lista que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (derogado na actualidade polo artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), como Diplomados/as en Traballo Social, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 2 de maio de 2011, adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo que permita os referidos nomeamentos, que foron publicadas no BOP de data 31/05/2011.

Unha vez executado o referido proceso selectivo, o Órgano de selección na súa sesión de data 29/07/2011, elevou proposta ao Órgano competente contendo a lista de substitucións pola orde de puntuacións que se transcribe a continuación:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	1º Exerc.	2º Exerc.	3º Exerc	Galego	TOTAL
1	GUERRERO MELEIRO, M <sup>a</sup> LOURDES	44.477.462-Q	7,13	8,13	2,8243	2,00	20,0843
2	SAHUQUILLO FRANCO, CARLOS	36.131.304-Y	6,88	7,63	2,3025	2,00	18,8125
3	MOLANES PIÑEIRO, MARÍA ELENA	36.163.694-N	8,20	6,19	1,3075	2,00	17,6975
4	PAZOS RODRÍGUEZ, NATALIA	76.828.842-X	6,98	6,00	2,5843	2,00	17,5643
5	VALLEJO FERNÁNDEZ, MARTA	77.006.690-E	7,39	5,50	1,8300	2,00	16,7200
6	LÓPEZ MARTÍNEZ, MARINA	77.411.776-D	7,19	5,19	1,5300	2,00	15,9100
7	FERNÁNDEZ CAMBRA, PATRICIA	77.005.279-Z	5,18	5,25	2,8425	2,00	15,2725
8	PETEIRO MATA, ALEXIA M <sup>a</sup>	53.304.314-C	5,19	5,00	2,6100	2,00	14,8000
9	SOUTO TABOADA, M <sup>a</sup> JULIA	44.082.107-P	5,13	6,13	1,4300	2,00	14,6900
10	GARCÍA VILA, TANIA	35.472.937-Z	5,00	5,13	1,4655	2,00	13,5955
11	MOREIRA SOUTO, CARMEN	36.110.318-L	5,06	5,00	1,3800	2,00	13,4400

En consecuencia e, sendo necesario o nomeamento de catro novos/as diplomados/as en traballo social e, de conformidade co establecido no artigo 3 das "normas reguladoras" que regulan o funcionamento das listas de substitucións, foron requiridas as seguintes aspirantes da lista de substitucións referida as que le corresponde ser nomeadas e que se corresponden coas aspirantes núm. 9-SOUTO TABOADA, M<sup>a</sup> JULIA, DNI 44.082.107-P, 10-GARCÍA VILA, TANIA, DNI 35.472.937-Z e, 11-MOREIRA SOUTO, CARMEN, DNI 36.110.318-L, que aceptaron

*expresamente o mesmo, non existindo a data de hoxe nesta lista, ningunha outra candidata que poida ser proposta, toda vez que a aspirante que forman parte da lista, núm. 6- D<sup>a</sup>. Marina López Martínez foi nomeada funcionaria interina con cargo a praza vacante incluída na oferta de emprego correspondente ao ano 2010 pendente de executar (art. 10.1.c) do Texto Refundido da Lei do EBEP e, a aspirante núm. 7-Patricia Fernández Cambra, que foi nomeada funcionaria interina por acumulación de tarefas con ocasión da aprobación do expediente 27058/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 30/09/2015, praza da que tomou posesión o pasado día 06/10/15, estando previsto o seu remate o 05/04/2016. As aspirantes números 1-Guerreiro Meleiro, M<sup>a</sup>. Lourdes, 2-Sauquillo Franco, Carlos, 3-Molanes Piñeiro, M<sup>a</sup>. Elena, 4-Pazos Rodríguez, Natalia, 5-Vallejo Fernández, Marta e 8-Peteiro Mata, Alexia M<sup>a</sup>, renunciaron por diversos motivos en dúas ocasións a posibilidade de ser nomeados/as, polo que figuran excluídos da referida lista.*

*Consecuencia do anterior, procede recorrer á nova lista resultante da Bolsa de Emprego de Diplomados/as en Traballo Social formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.*

*Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como Diplomado/a en Traballo Social da aspirante nº 20-CAO MEITÍN, SILVIA MARÍA, DNI 33.995.321-X que aceptou expresamente o mesmo e acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.*

*Así mesmo, as aspirantes números 1-Andrade Tello, Marta, 4-Díaz Sánchez, Marta, 5-Torreiro Rodríguez, Tamara, 7-Mileti Rodríguez, Eugenia, 8-González Morales, Susana, 9-Barril Vázquez, Jéscica Patricia, 10- Vázquez Otero, Elena e, 12-Suárez Martínez, Marta, atópanse en situación de servizo activo neste Concello, toda vez que foron nomeadas funcionarias interinas por acumulación de tarefas con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local de data 29/04/15 do expte. 26503/220.*

*As aspirantes da lista que se corresponden cos números 11-Fernández Cambra, Patricia, 13-Rodríguez Fernández, Yolanda, 14-Costoya Bello, Gemma María, 16-Fernandez Iglesias, Ana Belén, 17-Vieites Freire, Adriana y 19-Sestelo Fandiño, Estefanía, atópanse en situación de servizo activo neste Concello, toda vez que foron nomeadas funcionarias interinas por acumulación de tarefas con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local de data 30/09/15, do expte. 27058/220, tomando posesión en datas 02/10/15 e 06/10/15, respectivamente.*

*Significar así mesmo, que as aspirantes que figuran nos postos 2-Soto García María del Mar, DNI 36.140.799-W, 3-Cons Castiñeiras, Almudena, DNI 77.409.468-R, 6-Justo Rodríguez, Ángela, DNI 47.361.447-P, 15-Vázquez Macías, Luz María, DNI 36.140.852-D e, 18-Álvarez del Campo, Seila, DNI 36.172.939-B renunciaron voluntariamente por escrito a posibilidade de ser nomeadas, polo que pasan a ocupar as últimas posicións nesta bolsa de traballo, salvo a aspirante núm. 18-Álvarez del Campo, Seila, que se atopa de baixa por maternidade, circunstancia que se acredita no expediente, polo que mantén a súa posición na lista de conformidade coas normas reguladoras das mesmas.*

*Nas bases deste proceso de selección, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 16 de xaneiro de 2015, acordouse expresamente que “os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as interinamente como funcionarios/as interinos/as polas*

*circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (derogado na actualidade polo artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), e normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da lista de substitucións derivada do proceso selectivo celebrado para a realización de nomeamentos interinos de Diplomados/as en Traballo Social publicado no BOP de 31/05/2011, e terá validez ata que se convoquen as prazas desta categoría incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2011 pendente de executar, non podendo superar un máximo de tres anos”.*

*No que respecta ao persoal auxiliar, significar que en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade polo artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.*

*Así mesmo e sendo insuficiente a lista a que se refire o parágrafo anterior, a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 aprobou unha Bolsa de Emprego que permita o nomeamento interino de Auxiliares Administrativos/as, derivada do proceso selectivo autorizado previamente polo mesmo órgano en data 16 de xaneiro anterior.*

*Seguindo estritamente a orde da lista derivada da execución da Oferta de Emprego Público 2008, así como a da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local de 13/03/2015, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como auxiliares de administración xeral dos aspirantes núms. 23-CARBALLO TRONCOSO, ROSARIO, 24-IGLESIAS LAMEIRO, BEATRIZ, 28-CASTRO CASTRO, CAROLINA, 30-GALLEGO SANTOS, RUTH M<sup>a</sup> e, 32-VILA RODRÍGUEZ, RAUL, integrantes da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.*

*Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que as aspirantes propostas como Diplomadas en Traballo Social D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Julia Souto Taboada, D<sup>a</sup>. Tania García Vila e D<sup>a</sup>. Carmen Moreira Souto levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino por acumulación de tarefas, expte. 25667/220, polo que dende o 06/10/2015 están en condicións de ser novamente nomeadas. Así mesmo verifícase que aspirante D<sup>a</sup>. Silvia María Cao Meitín non prestou servizos nesta Administración, polo que está en condicións de ser nomeada.*

*Por último faise constar que as aspirantes propostas como auxiliares administrativas D<sup>a</sup>. Rosario Carballo Troncoso, D<sup>a</sup>. Beatriz Iglesias Lameiro, D<sup>a</sup>. Carolina Castro Castro e, D<sup>a</sup>. Ruth M<sup>a</sup>.*



*Gallego Santos non prestaron servizos nesta Administración como auxiliares de Administración xeral (art. 10.1.d) do Texto Refundido da Lei do EBEP, polo que están en condicións de ser nomeadas. O aspirante núm. 32-Vila Rodríguez Raúl, prestou servizos como auxiliar interino por acumulación de tarefas durante os períodos 24/05/2010 e o 23/11/2010 e, do 01/06/2011 e 30/11/2011, polo que está en condicións de ser novamente nomeado.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

*"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".*

*O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no referido artigo. De igual xeito, o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 81-Diplomado/a en Traballo Social- e, 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas e publicadas con posterioridade.*

*Así mesmo, o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a*

*selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*De conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamento proposto en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da correspondentes convocatorias públicas.*

*Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, e en igual senso o disposto na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dos e, 20.Dos, respectivamente, que durante o ano 2015 e 2016, respectivamente, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.*

*A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:*

*En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:*

*1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*"O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

- b) *Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*
- c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*
- d) *Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*
- e) *Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*
- f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*
- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

- En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.*

*En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*

- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece que “El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en éste artículo, ejerciendo en todo caso, entre otras competencias en materia de evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social”, art. 25.2.e).

O artigo 26 da Lei 7/1985, establece tamén no seu artigo 26.1.c) que “los Municipios con población superior a 20.000 habitantes deberán prestar servicios en materia de evaluación e información de situaciones de necesidad social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social.”

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.e) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo Instrución 1/2014 da Intervención Xeral sobre a aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición asinado pola Xefa de Servizo e o Xefe da Área de Benestar Social, que conta coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e, que obra no expediente.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 127.787,78€, das que 42.313,74 corresponden ao presente exercicio orzamentario e, 85.474,04 ao vindeiro ano 2016, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de nove funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, catro como Diplomados/as en Traballo Social e cinco como auxiliares de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito de data 08 de outubro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 127.787,78€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como Diplomadas en Traballo Social, por un período máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> JULIA SOUTO TABOADA, DNI 44.082.107-P, D<sup>a</sup>. TANIA GARCÍA VILA, DNI 35.472.937-Z, D<sup>a</sup>. CARMEN MOREIRA SOUTO, DNI 36.110.318-L e, D<sup>a</sup>. SILVIA MARÍA CAO MEITÍN, DNI 33.995.321-X, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios dos últimos procesos de selección de persoal convocados para o nomeamento de Diplomados/as en Traballo Social autorizado pola Xunta de Goberno Local de datas 29/07/11 e 16/01/2015 e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

Terceiro.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral, por un período máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. ROSARIO CARBALLO TRONCOSO, DNI 77.004.895-K, D<sup>a</sup>. BEATRIZ IGLESIAS LAMEIRO, DNI 76.992.449-H, D<sup>a</sup>. CAROLINA CASTRO CASTRO, DNI 53.176.614-Q, D<sup>a</sup>. RUTH M<sup>a</sup>. GALLEGO SANTOS, DNI 44.458.160-B e, D. RAUL VILA RODRÍGUEZ, DNI 53.183.361-R, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios dos últimos procesos de selección de persoal convocados para o nomeamento de Auxiliares Administrativos/as autorizado pola Xunta de Goberno Local de data 16/01/2015 e, no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

Cuarto.- Dispoñer que os nomeamentos indicados realizaranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos Cód. 81-Diplomado/a en Traballo Social e, 138-Auxiliar, respectivamente, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301).

Quinto.- Establecer que a xonada laboral das funcionarias nomeadas desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(1296).-NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA SUBALTERNO/A, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE**

**SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. NÚM.: 27234/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.11.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 6.11.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Con data 26 de outubro de 2015, o Xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, conformado polo Concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha subalterno/a, que permita desenvolver as funcións de portería e atención ao público en xornada partida de luns a sábado, na Oficina municipal de información e atención ao público do centro socio-cultural "A Miñooca", sito na rúa Fotógrafo Luis Kasado desta cidade, tales como a apertura e peche das instalacións, atención ao público e telefónica, vixilancia e control de accesos, actualización do taboleiro de anuncios, elaboración do parte de incidencias, coidado do perfecto estado do material e ferramentas utilizadas e rexistro do persoal de mantemento, reparacións e provedores que accedan á instalación.*

*O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 03 de novembro de 2015, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dun/dunha subalterno/a por acumulación de tarefas, de conformidade co disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Participación e Atención Cidadá, nos termos da solicitude da seu Xefe do Servizo e conforme do correspondente concelleiro-delegado de data 26 de outubro pasado.*

*En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de Subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade no mesmo artigo do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Publico -EBEP-), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.*

*Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como subalterna da aspirante que figura na posición núm. 15 Dª. MARIA DEL CARMEN ALONSO OTERO, DNI 36.114.547-Q, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.*

*Significar que os/as aspirantes que figuran nas posicións 1, 2, 4, 5, 7, 8 9 e 11 atópanse na actualidade prestando servizos neste Concello con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local dos expedientes 26916/220 e, 25765/220. Así mesmo, as aspirantes que figuran nos postos núms. 3 e 10 ocupan as últimas posicións na lista ao ter renunciado voluntariamente nun anterior expediente e, a aspirante núm. 6 da lista, atópase fora da mesma por ter renunciado en dúas ocasións a posibilidade de ser nomeada. As aspirantes que figuran nas posicións 12 e 13 atópanse en situación de servizo activo prestando servizos na actualidade como auxiliares administrativas no Servizo de Benestar Social, expte. 26504/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 29/04/2015. Por último, a aspirante núm. 15 non cumpre o período mínimo de seis meses dende o seu último nomeamento, expte. 25782/220, XGL de 07/11/2014, ata o vindeiro 10/11/15, polo que aínda non está en condicións de ser novamente nomeada.*

*En consecuencia, consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que corresponde o nomeamento da aspirante núm. 15 proposta, tendo en conta que a mesma leva máis de seis meses dende que finalizou o seu último nomeamento interino por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido da lei do EBEP, como subalterna, expte. 25733/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 24/10/14, rematando o mesmo en data 26/04/2015, polo que dende o 27/10/15 xa está en condicións de ser novamente nomeada.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, (na actualidade R.D. Lexislativo 5/2015), efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopan prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP, na actualidade RD Lexislativo 5/2015. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

Con data 04 de maio de 2011, o Concelleiro Delegado de Mobilidade asinou un contrato menor de servizos a prol de "INTERPARKING HISPANIA, S.A". En virtude deste contrato (Exp. nº 80201/210/2011), cunha duración de catro meses máximo, dita entidade mercantil prestaría o servizo consistente na realización de actuacións de apoio ao funcionamento ordinario do aparcamento sito na Praza de Portugal . O destinatario das prestacións neste contrato era a propia Administración Municipal, sendo esta quen debía retribuír mensualmente ao contratista polos servizos prestados, con cargo á partida orzamentaria 1330 2270605 por un importe mensual de 5.309,70 € ( iva engadido ) Asemade, a cláusula 3ª do contrato menor de servizos establecía que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" asumiría provisionalmente o pagamento dos gastos de funcionamento do aparcamento (ex. auga, luz ...), xirando inmediatamente dita facturación ao Concello para o seu reembolso. Dito contrato menor, que finalizou o 04 de setembro de 2011, asinábase ao amparo do establecido no art. 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En data 04 de setembro de 2011, o Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade asina una Instrución autorizando á mercantil "INTERPARKING HISPANIA, S.A" a continuar prestando o servizo nas mesmas condicións que o viña realizando anteriormente, e manifesta que ditos servizos retribuiríanse a través dunha indemnización substitutiva ao abeiro do previsto na base 28ª das de execución do orzamento municipal. Asemade, consta Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012 autorizando á mercantil a continuar prestando os servizos nas mesmas condicións que o ven realizando ata tanto non se adxudique o servizo público referido.

O expediente de adxudicación da xestión do aparcadoiro estaba pendente dun informe da Xunta Consultiva de Contratación solicitado na data 7 de maio de 2013 non obstante ante o transcurso do prazo razoable para a emisión do mesmo, iniciouse un novo expediente para a adxudicación da xestión do servizo publico con numero 429/449 en tramite na actualidade e en fase de licitación , polo que INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven achegando mensualmente a facturación polos servizos que está a prestar sen cobertura contractual. De non tramitar esta facturación, con arreglo á base 28ª das de execución do orzamento mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven prestando os servizos en base á Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012.

A FACTURACION e a seguinte :  
SETEMBRO 2015

Concepto	Nº factura	Importe	Data entrada	Nº Documento
Funcionamento Ordinario Aparcadoiro	FE5015000017	5.445,00 €	14/10/15	150130167
Refacturación gastos mantemento/xestión Aparcadoiro	FE5015000018	16.009,16 €	14/10/15	150130168

Con data 23 de outubro de 2015 , doc. Nº150127933 , Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de SETEMBRO de 2015 un total 38.389,86 € (iva engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 21.454,66 € (funcionamento ordinario parking SETEMBRO 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking SETEMBRO 2015 : 16.009,66 €).

A facturación realizada pola empresa e correcta e foi conformada polos servizos municipais: non obstante na liquidación inclúense gastos no incluídos na facturación corresponde a setembro por un importe de 14.950,01 € sen IVE e que se inclúen no documento de data 28 de outubro de 2015 que se adxunta o expediente e na documentación obrante no mesmo, polo que a cantidade a ingresar sería 42.812,06 € en vez dos 24.722,55 € ingresados debendo regularizar a liquidación no ingreso corresponde ao mes de outubro.

Segundo consta na certificación asinada polo Tesoureiro Municipal, "Interparking Hispania S.A", con NIF A60526928 fixo efectivo, mediante transferencia bancaria, o seguinte ingreso en concepto de "recadación aparcamento Praza de Portugal :

MES	IMPORTE	DATA DE INGRESO
SETEMBRO	24.722,55 €	19 DE OUTUBRO DE 2015

A variación do importe do funcionamento ordinario do parking do prezo que figura no contrato menor de servizos ( 5.309,70 € ) ata (5.445 € ) e debido a variación do IVE no mes de setembro de 2012 .

Considerase que unha vez finalice o servizo deberá efectuarse a regularización da totalidade da facturación .

Con relación ás solicitudes presentadas pola empresa Interparking Hispania S.A relativas a aplicación da compensación debe considerarse o informe emitido polo Tesoureiro Municipal en data 20/03/2012 con relación á solicitude presentada pola empresa o 13/03/2012 (doc. Nº 120028854), compensación que se ven efectuando dende a data :

O Tesoureiro informa que "para que proceda o instituto da compensación, resulta necesaria a concorrencia dun requisito ineludible, como é que a persoa ou entidade debedora sexa ó mesmo tempo acreedora por créditos recoñecidos por acto administrativo ó seu favor. Informa o Tesoureiro Municipal que non existe crédito recoñecido algún a favor da entidade debedora que se atope pendente de aboamento (fases "O" de recoñecemento da obriga ou "P" de ordenación do pagamento), polo que procedería a denegación da compensación presentada."

Non obstante, o Tesoureiro informa que: "(...) non podemos olvidar que, como recorda o Tribunal Económico Administrativo Central ... non parece lóxico, nin acorde cos principios constitucionais de eficacia e os legais de eficiencia e servizo aos cidadáns, denegar unha solicitude de compensación para a que se daban todos os requisitos legais ou, senón se daban, era por un retraso imputable á propia Administración que, en tal caso, debería resolver o procedente sobre o crédito e, acto seguido, sobre a compensación instada. Como consecuencia do exposto con anterioridade, pode resultar procedente a concesión da compensación dun crédito que no momento da solicitude non se atopa recoñecido por non existir un acto administrativo expreso de recoñecemento, como podería ser o caso que nos ocupa. Esta posibilidade aparece máis clara dende a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria na que se recoñece o carácter meramente declarativo do acordo de compensación, de forma que a extinción do crédito producírase no intre no que se cumpran os requisitos para débeda e crédito. Pola súa beira, os artigos 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 11 do Real Decreto 500/1990 consagran o principio do presuposto bruto dispoñendo a prohibición de atender obrigas de pago, mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, polo que deberán aplicarse os dereitos e as obrigas aos orzamentos do Concello de Vigo polo seu importe íntegro (...)"

O Tesoureiro Municipal conclúe no devandito informe manifestando que “ (...) debe procederse a tramitar ou rexeitar as facturas presentadas pola mercantil INTERPARKING HISPANIA S.A, isto é, resolver a procedencia ou non do crédito derivado das facturas presentadas pola citada entidade que se atopan pendentes de tramitación polo servizo xestor correspondente, pois parece lóxico ... que previamente á resolución da solicitude de compensación deba resolverse o procedente sobre o crédito (...)”.

Tendo en conta todo o ata aquí exposto, considerase que ao abeiro do previsto na Base 28ª das de execución do orzamento municipal , e coa finalidade de evitar un enriquecemento inxusto para a Administración municipal por haberse efectuado a favor de esta os servizos consignados na facturación achegada , procede aprobar a indemnización substitutiva a favor de INTERPARKING HISPANIA S.A polos servizos prestados de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola empresa DURANTE O MES DE SETEMBRO DE 2015 por un importe total de 21.454,66 € e con cargo a partida 1330.2279907 ( prestación de servizos aparcadoiro praza de Portugal ) .

Polo exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previa fiscalización favorable do Interventor Xeral, a seguinte PROPOSTA,

PRIMEIRO :Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón a favor de “INTERPARKING HISPANIA, S.A”, con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citada entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), polo importe total de 21.454,66 € ( iva engadido ) correspondente a :

SETEMBRO 2015 : (funcionamento ordinario parking SETEMBRO 2015: 5.445 €  
+ refacturación gastos mantemento parking SETEMBRO 2015 : 16.009,66 €).

SEGUNDO : Instar do órgano municipal competente que o pago da obriga derivada do contido do apartado primeiro e de conformidade cos informes obrantes no expediente realícese mediante compensación .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(1302).- CONTRATO, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DO TR DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓN DO GRUPO EDITORIAL WOLTERS-KLUWERT PARA O PERÍODO NOVEMBRO 2015-OUTUBRO 2016. EXPTE. 3963/550.**

Visto o informe de fiscalización do 17.11.15, dáse conta do informe-proposta do vogal do TEA, do 18.11.15, conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En Vigo, a 17 de novembro de 2015, en relación có asunto de referencia, emítase o presente en base ás seguintes consideracións:



*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 12 de decembro de 2014 (exped 3627/550), adoptou o seguinte acordo:*

*“18.- CONTRATO, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, PARA A SUBMINISTRACIÓN DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓNS DO GRUPO EDITORIAL WOLTERS-KLUWERT. EXPTE. 3627/550.*

*1.- Autoriza-lo réxime excepcional previsto na Disposición Adicional 9ª do RDLex 3/Lei 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF) para a suscripción a Bases Xurídicas e publicacións especializadas, segundo a proposta remitida pola empresa e que se adxunta ó expediente, para o período novembro de 2014 a outubro 2015, có tratamento de contrato menor de servizos, de conformidade co previsto nos art. 111, art. 138.3 e art 10 do TRLCSF, para o acceso a:*

**BASES DE DATOS :**

*Laley Digital (10 Accesos)*

*Laley Digital Doctrina (2 Accesos)*

*Laley Digitalprocesalcivil (2 Accesos)*

*Laley Digital Código Civil Comentado*

*Laley Digital Código Penal Comentado*

*Laley Laboral.com (2 Accesos)*

*CISS Fiscal (2 Accesos)*

*CISS Laboral (2 Accesos)*

*CISS Contable-Mercantil (2 Accesos)*

*CISS Prevención de Riesgos Laborales +Convenios+Subvenciones(2 Accesos)*

*La Página de Medio Ambiente(2 Accesos)*

*Web de Tráfico y Seguridad Vial...(2 Accesos)*

*El Consultor de los Ayuntamientos Plus (10 Accesos)*

*El Consultor Contratación Administrativa (2 Accesos)*

*El Consultor Haciendas Locales (2 Accesos)*

*El Consultor Licencias Municipales (2 Accesos)*

**PORTAL DE REVISTAS ONLINE (5 accesos):**

*30 Revistas WKE*

*Diario LA LEY, La Ley Unión Europea, Iuris Actualidad*

*Tráfico y Seguridad Vial*

*Actualidad Laboral, Relaciones laborales, Boletín Laboral*

*Impuestos, Carta Tributaria, Boletín Fiscal, Tribuna Fiscal*

*Actualidad Administrativa, Contratación Práctica*

*Administrativa y Práctica Urbanística*

*Revista El Consultor de los Ayuntamientos*

*Actualidad Civil, derecho de Daños y La Ley Derecho Familia*

*Practica de Tribunales, Derecho Concursal y Paraconcursal*

*Mercado de Valores, La Ley Mercantil, Competencia y*

*Distribución, La Ley Penal*

*Estrategia Financiera, Marketing y Ventas, Especial Directivos*

*Capital Humano, Gestión Práctica Riesgos Laborales*

**FORMACIÓN ONLINE GRATUITA**

*2.- Autoriza-lo gasto a prol de Wolters-Kluwert España SA con NIF A58417346, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo importe de A citada proposta ten un*

custe total de 34.399'94 € (Base 28.429'70 € máis 21% Iva 5.970'24 €), para o período novembro de 2.014 a outubro de 2.015, que pode ser imputado á partida 9220.220.01.00 "Libros e outras publicacións" do orzamento corrente.

3.- En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do TRLCSP), entendéndose que o mesmo debe de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.

SEGUNDO.- Prestado dende entón o servizo, pola empresa presentouse nova proposta, que se adxunta, para a renovación da suscripción ás bases de datos. A proposta inclúe:

**BASES DE DATOS : (10 Accesos)**

Laley Digital 360  
Laley Digital Doctrina  
Laley Digitalprocesalcivil  
CISS Fiscal  
CISS Laboral  
CISS Contable-Mercantil  
CISS Prevención de Riesgos Laborales  
La Página de Medio Ambiente  
Web de Tráfico y Seguridad Vial  
El Consultor de los Ayuntamientos Plus  
El Consultor Contratación Administrativa  
El Consultor Haciendas Locales  
El Consultor Licencias Municipales  
El Consultor "Al día"

**PORTAL DE REVISTAS ONLINE:  
SMARTECA 50 LICENCIAS**

26 Revistas WKE  
Diario LA LEY  
Actualidad Civil, Práctica de Daños  
Actualidad Administrativa  
Revista El Consultor de los Ayuntamientos  
Trabajo y Derecho, Boletín Labora y Capital Humano  
Carta Tributaria Opinión y Carta Tributaria, Documentación, Forum Fiscal  
La Ley Mercantil, Mercado de Valores, Derecho Consursal y Paraconsursal  
Competencia y Distribución  
La Ley Penal, La Ley derecho Familia  
Especial Directivos, Estratèfia financiera, Marketing y Ventas  
Revista Contable  
Gestión Práctiva Riesgos Laborales  
Samarteca Código Civil Comentado  
Samarteca Código Penal Comentado  
Práctica de los Tribunales y Tráfico y Seguridad Vial  
Contratación Práctica Administrativa y Práctica Urbanística

**FORMACIÓN ONLINE GRATUITA**

**BD + REVISTAS + CODIGOS+ FORMACIÓN  
28.714+ 21% Iva**

A citada proposta ten un custe total de 34.743'94 € (Base 28.714,00 € máis 21% IVE 6.029,94 €), para o período novembro de 2.015 a outubro de 2.016, e con este importe se daría adecuado suministro, tanto das bases de datos coma das revistas especializadas, a todos os Servizos tanto do Concello de Vigo coma dos seus Organismos, xa que se estima que os accesos son suficientes para este fin.

TERCEIRO.- O RDLex 3/Lei 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) establece o seguinte:

“Disposición adicional novena. Normas especiales para la contratación del acceso a bases de datos y la suscripción a publicaciones.

1. La suscripción a revistas y otras publicaciones, cualquiera que sea su soporte, así como la contratación del acceso a la información contenida en bases de datos especializadas, podrán efectuarse, cualquiera que sea su cuantía siempre que no tengan el carácter de contratos sujetos a regulación armonizada, de acuerdo con las normas establecidas en esta Ley para los contratos menores y con sujeción a las condiciones generales que apliquen los proveedores, incluyendo las referidas a las fórmulas de pago. El abono del precio, en estos casos, se hará en la forma prevenida en las condiciones que rijan estos contratos, siendo admisible el pago con anterioridad a la entrega o realización de la prestación, siempre que ello responda a los usos habituales del mercado.

2. Cuando los contratos a que se refiere el apartado anterior se celebren por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, los entes, organismos y entidades del sector público contratantes tendrán la consideración de consumidores, a los efectos previstos en la legislación de servicios de la sociedad de la información y comercio electrónico..”

CARTO.- O gasto pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 “Libros e outras publicacións”, do orzamento corrente.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, competente segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda.3 do TRLCSP, previa remisión á Intervención Xeral ós efectos oportunos, a adopción do seguinte,

#### ACORDO

1.- Autoriza-lo réxime excepcional previsto na Disposición Adicional 9ª do RDLex 3/Lei 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) para a suscripción a Bases Xurídicas e publicacións especializadas, segundo a proposta remitida pola empresa e que se adxunta ó expediente, para o período novembro de 2014 a outubro 2015, có tratamento de contrato menor de servizos, de conformidade co previsto nos art. 111, art. 138.3 e art 10 do TRLCSP, para o acceso a:

BASES DE DATOS : (10 Accesos)

Laley Digital 360

Laley Digital Doctrina

Laley Digitalprocesalcivil

CISS Fiscal

CISS Laboral

CISS Contable-Mercantil

CISS Prevención de Riesgos Laborales

La Página de Medio Ambiente

*Web de Tráfico y Seguridad Vial  
El Consultor de los Ayuntamientos Plus  
El Consultor Contratación Administrativa  
El Consultor Haciendas Locales  
El Consultor Licencias Municipales  
El Consultor "Al día"*

**PORTAL DE REVISTAS ONLINE:  
SMARTECA 50 LICENCIAS**

*26 Revistas WKE  
Diario LA LEY  
Actualidad Civil, Práctica de Daños  
Actualidad Administrativa  
Revista El Consultor de los Ayuntamientos  
Trabajo y Derecho, Boletín Labora y Capital Humano  
Carta Tributaria Opinión y Carta Tributaria, Documentación, Forum Fiscal  
La Ley Mercantil, Mercado de Valores, Derecho Consursal y Paraconsursal  
Competencia y Distribución  
La Ley Penal, La Ley derecho Familia  
Especial Directivos, Estratèfia financiera, Marketing y Ventas  
Revista Contable  
Gestión Práctica Riesgos Laborales  
Smarteca Código Civil Comentado  
Smarteca Código Penal Comentado  
Práctica de los Tribunales y Tráfico y Seguridad Vial  
Contratación Práctica Administrativa y Práctica Urbanística*

**FORMACIÓN ONLINE GRATUITA**

*2.- Autoriza-lo gasto e comprometer o pago a prol de Wolters-Kluwert España SA con NIF A58417346, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de A citada proposta ten un custe total de 34.743'94 € (Base 28.714'00 € máis 21% IVE 6.029'94 €), para o período novembro de 2.015 a outubro de 2.016, que pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 "Libros e outras publicacións" do orzamento corrente.*

*3.- En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do TRLCSP), entendéndose que o mesmo debe de abarca-la totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(1303).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA APR A-2-36 SAMIL. EXPTE. 5152/401.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Municipal, do 6.11.15, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

Con data 14.07.2015, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 15003525) o recurso de alzada selado polo servizo de correo postal en data 11.07.2015, presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Josefa Costas Costas e D<sup>a</sup>. Esperanza Costas Costas.

O día 29.07.2015, notificouse ás recorrentes o requirimento de emenda da interposición do dito recurso de alzada, asinado pola Xerente da XMU o 23.07.2015.

Con data 11.08.2015, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150104347) o escrito selado polo servizo de correo postal o 10.08.2015, formulado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Josefa Costas Costas e D<sup>a</sup>. Esperanza Costas Costas.

Mediante notificación recibida o día 28.08.2015 pola Xunta de Compensación da «APR a-2-36 SAMIL», conferiuse á entidade urbanística colaboradora o trámite de audiencia previsto no artigo 112 da LR-XAP-PAC.

O día 15.09.2015, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150116462) o escrito presentado por D. Alfonso Cid Rodríguez, como Vicepresidente da Xunta de Compensación da «APR a-2-36 SAMIL», achegando alegacións.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### I. Normativa examinada.

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)
- Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia (RDUG)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (RLHU)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)
- Instrución 2/2012, relativa á revisión do protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo (Xunta de Goberno Local, 27.02.2012; BOP n.º. 104 do 31.05.2012)

- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010.

## II. Exame da lexitimación activa e pasiva.

O recurso de alzada interponse por persoas lexitimadas activamente para elo perante a Administración pública que ostenta a lexitimación pasiva.

## III. Estudo de aspectos formais e da fundamentación xurídica: identificación do acto impugnado e requisitos da convocatoria.

Para analizar o recurso de alzada interposto, tanto dende unha perspectiva formal como substantiva, debe partirse da fundamentación e peticións que nel se conteñen observándose, neste senso, que as recorrentes reiteran no recurso de alzada examinado, os escritos presentados o 07.02.2015 e o 22.05.2015, manifestan que a impugnación se dirixe contra a convocatoria da Asamblea Xeral do día 08.07.2015 por incumprimento do artigo 20 dos Estatutos da Xunta de Compensación e solicitan, na súplica do recurso, a declaración de invalidez do proceso reparcelatorio.

Conferido trámite de subsanación de deficiencias, habida conta da heteroxeneidade das cuestións que tratan de impugnar, reiterar ou solicitar a través dun recurso de alzada, o día 11.08.2015 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 150104347) -selado polo servizo de correo postal o 10.08.2015- un escrito no que puntualizan que o acto impugnado sería o proceso de reparcelación realizado en Asamblea do 08.07.2015 e mesmo solicitan a adxudicación ao seu favor da parcela resultante nº. 50 dun plano reparcelatorio que, suponse, forma parte dos traballos preparatorios do proxecto de compensación que está elaborando a Xunta de Compensación.

No trámite de audiencia outorgado en cumprimento do establecido no artigo 112 da LRXAP-PAC, á Xunta de Compensación da «APR A-2-36 SAMIL» presentou un escrito de alegacións sostendo que o recorrido polas interesadas non é un concreto acto ou acordo susceptible de recurso de alzada senón que o que se impugnan son actos preparatorios previos á elaboración dun proxecto de compensación aínda non aprobado inicialmente pola Xunta de Compensación.

Vistos os fundamentos do recurso de alzada formulado polas recorrentes e o alegado pola entidade urbanística colaboradora no trámite conferido, obsérvase que pola Xunta de Compensación estanse desenvolvendo os traballos de elaboración do proxecto de compensación e, a tal fin, afirman que a Asamblea Xeral aprobou uns criterios, non impugnados polas recorrentes, cos que guiar esas labores preparatorias e, en cuxo seo, os xunteiros estarían expresando as súas preferencias de cara á adxudicación das parcelas de resultado.

Por outra banda, debe lembrarse que o obxecto do trámite de emenda conferido ás recorrentes tiña por único fin conferirlles a oportunidade de emendar as deficiencias detectadas no escrito que califican de recurso de alzada, habida conta da diversidade de cuestións que plantexan, nalgúns casos non cinguidas a un concreto acordo que poda ser examinado. E, por elo, que en aplicación do artigo 112.1 da LRXAP-PAC, esta Administración pública non debe ter en conta no acordo que se emita, aqueles feitos, documentos ou fundamentos que se puideron acompañar co recurso de alzada interposto e, xa que logo, non debe considerar as novas alegacións introducidas polas recorrentes no escrito que presentan durante o trámite de subsanación outorgado, sen que tampouco poda esta Administración urbanística decidir sobre concretas adxudicacións nin sobre parcelas resultantes que deben ser obxecto do instrumento de equidistribución a elaborar pola Xunta de Compensación.

Só coñecido o concreto contido e alcance do proxecto de compensación poderá a Administración pública, baixo a perspectiva integral e global deste tipo de documentos, examinar o seu axuste á legalidade e o

*cumprimento do previsto no artigo 157 e correlativos da LOUGA. A observancia dos principios que inspiran este sistema de xestión e o debido respecto á lexislación vixente, impide a esta Administración actuante adoptar neste momento procedimental e en ausencia de documento de equidistribución ningún que informar, un acordo no que se recollan concretas adxudicacións de parcelas de resultado a concretos xunteiros, como solicitan as recorrentes, por ser ésta, precisamente, a función do proxecto de compensación. Non obstante, a lexislación preserva durante o procedemento de aprobación o dereito dos xunteiros a alegar canto ao seus dereitos conveña (artigo 157 e 117 da LOUGA) e exercitar as accións que en dereito corresponda fronte aos actos referidos no artigo 106 da LRXAP-PAC e correlativos da LXCA.*

*O anterior, xunto cos defectos na identificación do acordo impugnado do que adolecería o recurso formulado (que reitera, ademais, un recurso de alzada desestimado por esta Administración municipal mediante acordo notificado ás recorrentes o 22.07.2015 non recorrible en vía administrativa) non permiten senón concluir que o impugnado resulta ser, máis que un concreto acordo, aqueles traballos preparatorios xa referidos, o que levaría a inadmitir a trámite o recurso plantexado.*

*Resta, polo tanto, por estudar a relevancia e consecuencias dos defectos de forma alegados polas recorrentes a respecto da convocatoria da Asamblea Xeral da Xunta de Compensación celebrada o día 08.07.2015, dado que co establecemento dun prazo entre a notificación e a celebración da Asamblea Xeral, trátase de facilitar aos xunteiros o coñecemento dos asuntos a debater nos órganos de goberno e garantir o seu dereito á información, polo que o prazo establecido debe ser respectado pola Xunta de Compensación.*

*Así pois, o citado defecto formal debe analizarse á luz da xurisprudencia recaída na materia e, particularmente, debe examinarse se elo impediui á convocatoria alcanzar o seu fin ou produciu unha indefensión real ás recorrentes pois, como reza a sentenza do Tribunal Supremo do 18.03.2002 "los vicios de forma adquieren relevancia cuando su existencia ha supuesto una disminución efectiva y real de garantías. La indefensión es así un concepto material, que no surge de la sola omisión de cualquier trámite. De la omisión procedimental ha de derivarse para el interesado una indefensión real y efectiva, es decir, una limitación de los medios de alegación, prueba y, en suma, de defensa de los propios derechos e intereses (...)" e apunta a do 18.01.2000: "(...) que la indefensión no basta alegarla sino que es preciso acreditar su existencia, y en el caso de autos, al menos según lo actuado, no consta acreditada tal indefensión,(...) ni menos que las mismas fueran trascendentes o hubieran alterado los términos del plazo impugnado ". Pois ben, o defecto formal que as recorrentes advirten na convocatoria non lles impediui, á vista do manifestado por elas, asistir á Asamblea Xeral nin coñecer os asuntos que nela se trataron, sen que tampouco tiveran xustificado a súa relevancia no asunto nin a indefensión causada con elo, sendo así que, aínda que a Xunta de Compensación debe respectar a formalidade debida na súas actuacións de conformidade co disposto nos Estatutos que a rexen, non se advirten, neste caso, elementos que leven a concluir sobre a concorrencia dun suposto de defecto formal invalidante.*

### *III. Órgano competente*

*É competente para a adopción deste acordo, en atención ao disposto no artigo 127 da LRBRL e correlativos de aplicación, é a Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da XMU, en aplicación dos Estatutos da XMU.*

*Polo anterior, propónse a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO: Desestimar o recurso de alzada presentado por D<sup>a</sup>. Esperanza Costas Costas e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Josefa Costas Costas, que tivo entrada con data 14.07.2015 no Rexistro xeral da XMU (doc. 15003525) -selado polo servizo de correo postal en data 11.07.2015-, polos motivos supra transcritos.*

*SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados significándolles que pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contado*

dende o seguinte a súa notificación, perante os Xulgados do Contencioso-administrativo desta cidade, sen prexuízo do exercicio doutras accións que estimen oportunas.

Non obstante, este informe non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

Con data 13.11.15, o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo acorda elevar o presente informe á Xunta de Goberno local para a súa resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(1305).- SOLICITUDE DO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO, DE AUTORIZACIÓN CON CARÁCTER EXCEPCIONAL PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN CONSERVADOR E DUN OFICIAL COIDADOR DE MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL. EXPTE. 6962/12.**

Dáse conta do informe-proposta do director de Réxime Interior do organismo autónomo municipal Vigo-Zoo, do 21.10.15, conformado polo secretario-delegado e pola presidenta de dito organismo autónomo, que di o seguinte:

*A Lei 36/2014, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2015, no seu art. 21, referido á "Oferta de emprego público u outro instrumento similar de gestión de la previsión de necesidades de personal" establece no seu apartado 2 que durante o ano 2015 non se procederá á contratación de persoal temporal nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán ós servizos, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*Este precepto contempla pues, con carácter xeral, a prohibición de incorporar novo persoal durante o presente ano salvo nos sectores que no apartado 1 do mesmo se contemplan expresamente e, con carácter excepcional, e en réxime interino ou laboral temporal, nas condicións indicadas no apartado 2.*

Os requisitos que o referido apartado 2 esixe para poder contratar son os seguintes:

- a) Que a contratación teña carácter excepcional.
- b) Que teña por finalidade cubrir necesidades urxentes e inaprazables.
- c) Debe referirse a sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

*A continuación vamos a examinar cada un de ditos requisitos ao tratarse de conceptos xurídicos indeterminados:*



a) Carácter excepcional: significa que debe tratarse dunha excepción á regra común e, por tanto, extraordinario e fora do habitual, polo que debe interpretarse restritivamente.

b) Para cubrir necesidades urxentes e inaprazables: para concretar este concepto é necesario acudir á xurisprudencia, concretamente neste caso á Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de 10 de setembro de 2007, que esixe que se trate dunha **situación de necesidade** que a norma califica como urxente e inaprazable. Se trata, pois, dunha circunstancia de feito que se ten que acreditar empíricamente en función do volume de traballo da praza, o traballo pendente que provoca a falta da súa cobertura ou a repercusión que o mantemento da vacante produce no servizo ou unidade de que se trate. Por elo, a Administración debe xustificar que se dan as referidas circunstancias aportando peticións ou informe dos responsables da unidade ou servizo, estadísticas, queixas, estudos sobre asuntos pendentes ou calquera outra documentación similar.

c) Debe referirse a sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou afecten a servizos públicos esenciais: en primeiro lugar debe indicarse que a relación de servizos públicos esenciais é aberta, tal como recoñece o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Sentencia de 5 de xuño de 2008 e, en segundo lugar, que o precepto non se refire a servizos esenciais senón tamén aos que se consideren prioritarios. Por isto, será cada Concello en virtude do principio de autonomía municipal o que determine xustificándoo debidamente, cales son esta clase de servizos.

Tras as anteriores consideracións legais, debe indicarse en primeiro lugar, que o servizo que o Organismo xestiona, non hai dúbida de que debe considerarse prioritario xa que supón a existencia nas instalacións do zoolóxico dunha serie de animais ós que é preciso coidar debidamente para garantir a súa vida, saúde e benestar para que os visitantes poidan disfrutar deste servizo. E, en segundo lugar, debe terse en conta que é o servizo cultural máis visitado da cidade, polo que é decisivo que conte cunha boa imaxe e, excepcionalmente, para lo que é esencial é que os animais e os recintos que os acollen esten en perfectas condicións para ser visitados.

En canto ás categorías das prazas a contratar tamén son prioritarios tal como se xustifica a continuación.

No que respecta a praza de Conservador, expónse a necesidade de contratar con cargo a vacante en plantilla (que se producirá a partir do 25 de novembro).

En primeiro lugar, debe indicarse que as funcións do posto son as seguintes:

- 1.- Conservación da colección zoolóxica, especialmente o mantemento do inventario actualizado, propoñendo os programas para a súa mellora e ampliación.
- 2.- Xestión da colección zoolóxica cumprindo ás Leis e Directivas que regulan o mantemento de animais en cautividade.
- 3.- Establecer a distribución espacial dos animais da colección nos correspondentes recintos.

- 4.- *Propoñer á Presidencia as reformas das instalacións que contribúan á mellora da saúde e benestar das especies que as ocupan.*
- 5.- *Creación, xestión e mantemento dunha listaxe de excedentes de animais e dos que deben incluírse na colección, buscando núcleos zoolóxicos que cumpran as necesarias condicións de habitabilidade para reubicar os animais excedentes, no primeiro caso; e xestionando a súa incorporación á colección, no segundo.*
- 6.- *Sen prexuízo da superior dirección dos órganos de goberno, o mantemento das relacións con outros zoolóxicos ou Institucións especialmente en canto ao traslado, compra, venda, troco de animais e programas de reprodución, seguindo as directrices establecidas polos organismos competentes na materia.*
- 7.- *Levar un ficheiro por especies cun control de altas e baixas, apareamentos, partos, nacementos, mortes ou calquera outra incidencia relacionada coa colección, da que deberá dar conta ao Consello de Administración en cada sesión ordinaria que celebre.*
- 8.- *Coidado, conservación e mantemento do material do museo.*
- 9.- *Deseño de programas de conservación de fauna e flora ameazadas.*
- 10.- *Elaboración do plan da colección.*
- 11.- *Elaborar e manter os programas de reprodución das especies existentes no Zoo, segundo as necesidades de cada momento, contando coa colaboración do Veterinario.*
- 12.- *En materia de contratación, a elaboración dos pregos de prescricións técnicas para contratacións relacionadas coas funcións que ten atribuídas, salvo no caso de construción de novas instalacións ou arranxo ou mellora das existentes, no que serán redactados xunto cos proxectos polo Asesor Técnico. Tamén será responsable da execución de ditos contratos.*
- 13.- *Informar os convenios de colaboración con outros Zoos, Organismos ou Institucións, salvo que polo seu obxecto corresponda ao Veterinario.*
- 14.- *Elaborar xunto co Veterinario, no seu caso, os programas de formación e prácticas e os de iniciativas de carácter cultural, educativo ou de ocio que organice a Institución cada ano.*
- 15.- *Actuar como coordinador do Departamento de Educación Ambiental do Organismo, supervisando tódalas tarefas e actuacións que se desenvolvan a través do mesmo para garantir o bo funcionamento deste Departamento mentres non sexa nomeado o titular do posto.*
- 16.- *Asistir ás reunións do Consello de Administración cando se lle requira para isto.*
- 17.- *Calquera outra propia do posto que se lle poida encomendar polos órganos de goberno.*

*É dicir, trátase dun posto singularizado e absolutamente esencial no servizo que o zoolóxico representa, xa que a súa falta suporía no aspecto funcional, “descabezar o servizo”, privándoo do seu responsable técnico e condenándoo a un devenir errático na toma de decisións.*

*No caso do oficial coidador de mantemento, vixilancia e control, debe indicarse que as súas funcións son as seguintes segundo o Regulamento de Réxime Interior do Organismo:*

- Alimentación, limpeza, coidado e vixilancia dos animais.*
- Mantemento, coidado, ornato e limpeza das instalacións, velando pola seguridade das mesmas.*
- Traballos de xardinería.*
- Conservación, almacenamento e distribución dos subministros.*
- Baixo a supervisión do Veterinario ou Conservador administrarán os medicamentos aos animais.*
- Despacho de entradas e control de permanencia dos visitantes del Zoo.*
- Arqueo diario e entrega da recadación da taquilla ao seu cargo.*
- Procurarán que o público observe un correcto comportamento dentro do recinto do Parque Zoológico, coidando de que non actúen de forma que puideran poñer en perigo súa vida o integridade física o producir alteracións na tranquilidade e vida normal das especies animais, ou deteriorar as instalacións.*
- Informar aos visitantes sobre a forma de conducirse dentro del Parque Zoológico e acerca das características das especies que alí habitan.*
- Preparar as comidas para os animais seguindo estritamente as ordes que para cada especie lle sexan subministradas polo Veterinario.*
- Tarefas de vixilancia, tanto diúrnas como nocturnas.*
- Calquera outra análoga que se precise para la mellor prestación do servizo do Parque Zoológico.*

*Sen embargo na actualidade, das anteriores funcións, parte están contratadas externamente polo que especialmente pola escaseza desta clase de persoal como a continuación xustificaremos, as súas funcións están reducidas fundamentalmente ao coidado dos animais, limpeza de recintos e subministro de medicamentos aos mesmos.*

*A xustificación da necesidade desta contratación se deriva de que a plantilla desta clase de persoal, a integran 14 traballadores. Sen embargo, na actualidade e como consecuencia das suce-*

*sivas prohibicións de contratar previstas, con carácter xeral, na Lei de Presupostos, na plantilla, ademais desta vacante, existen catro traballadores prexubilados asociados a contratos relevos que están próximos a rematar nos próximos meses e que traballan a tempo parcial.*

*Esta situación motiva continuas queixas do Delegado de Persoal debido a que existen graves problemas para que os coidadores poidan descansar nas quendas establecidas e que poidan gozar das súas vacacións na data programada para elo, o que provoca unha deficiente prestación do servizo que acaba repercutindo na súa consideración polo público visitante e incluso nas atencións que os animais precisan.*

*Ademáis, debe indicarse que no zoológico existe outra tarefa fundamental que os oficiais coidadores non teñen contemplada ni nos seus contratos ni no Regulamento, que é a dirixida ao cumprimento do Plan de Enriquecemento Ambiental, polo que é preciso incluílo no novo contrato para unha mellor execución do referido Plan.*

*A competencia para autorizar con carácter excepcional estas contratacións, ao tratarse dun servizo municipal, aínda que xestionado independentemente, lle corresponde ao Goberno Municipal a iniciativa do Organismo Autónomo, a semellanza do Estado no que os nomeamentos interinos e de persoal laboral temporal precisan de autorización do Ministerio de Facenda e de Ministerio das Administracións Públicas segundo o apartado 4 do referido precepto”.*

*Por isto, proponse ao Consello de Administración do Organismo que adopte o seguinte acordo:*

*“Solicitar á Xunta de Goberno Local que con carácter excepcional autorice ao Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias VigoZoo, que a través dos procedementos legalmente establecidos, contrate con carácter urxente, en calquera das modalidades de contratación temporal previstas, con cargo a vacantes existentes na súa plantilla, un Conservador e un oficial coidador de mantemento, vixilancia e control”.*

Con data 4.11.15, o Consello de Administración do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo Zoo, presta conformidade á precedente proposta.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.